

# ABRINDO PASO

Nº 13 - MAIO 2022

EPAPU ALBEIROS - LUGO

¡Galicia é infinda!  
Nosa Galicia é máis que toda a Terra  
Non é xa o cativo curruñdiño  
que din escolas vellas.  
Cómmenos desbotar antigos erros  
fillos de mente estreita:  
¡Galicia é infinda!


Bela estrada de ensaño,  
con macadam de estrelas,  
a Vía Látea é camiño  
que leva a Compostela,  
hoxe e outrora faro,  
a cidade ecumenica  
que alumneou, na Europa,  
trebas da Edade Meia.

Polo mundo espallados  
van os netos dos celtas.  
Dende a austral Buenos Aires  
á pamoquia labrega;  
do New-York boligante  
ás indianas ribeiras;  
da pelica de touro  
ata a China de lénda...

Nosa Galicia é máis que toda a Terra  
Galicia só limita coa Saudade,  
elástica fronteira  
que serve para o tempo e para o espacio  
-onde un galego está, atópase ela-  
mais que ninguén atravesala pode  
inda que leve nos papeis: poeta.

**FLORENCIO DELGADO  
GURRIARÁN**

LETRAS  
GALEGAS  
2022







Coma todos os anos presentamos a revista **Abrindo Paso**. Este curso xa imos polo número 13. Este ano, máis que nunca, o título desta revista ten un significado especial. Nós, os docentes, tratamos de abrir novos horizontes nesta encrucillada de pandemias e guerras que nos tocou vivir, para que o noso alumnado saiba escoller o mellor camiño, saiba abrir a porta correcta e dar pasos seguros cara un futuro que inclúa as súas preferencias, o respecto aos demais e a cultura que o engloba todo, ademais de formalos para traballar e relacionarse con madurez e empatía.


Este novo exemplar é a culminación de todos os traballos e actividades feitas nun curso pandémico e post-pandémico no que as actividades extraescolares se reduciron moito.

Neste número, coma nos anteriores, dedicamos unha mención especial ao homenaxeado o Día das Letras Galegas 2022, Florencio Delgado Gurriarán. Ademais botamos unha ollada ás moitas actividades que realizamos neste curso e que continuaron a estela do ano pasado —unhas con máis éxito; outras con menos. Dende o EDLG non hai máis que palabras de agradecemento ao noso alumnado, ao profesorado, ao persoal non docente e a todas as persoas que fixeron posible a creación desta revista.

Neste número organizamos a revista en seis seccións:

1. *As nosas homenaxes*, dedicado a Florencio Delgado, Letras Galegas 2022, e ao noso poeta local Darío Xohan Cabana, finado no 2021.
2. *As nosas entrevistas*, na que recollemos un conxunto de cuestións que lles fixemos a Quico Cadaval e a Diego AS.
3. *O noso centro*, na que diferentes departamentos explican diversas cuestións de interese.
4. *As nosas actividades*, na que facemos un repaso de todas as actividades que fixemos durante o curso 2021-22.
5. *As nosas creacións*, na que alumnado do EPAPU Albeiros e o EPAPU de Monterroso presenta traballos de elaboración propia.
6. *O noso tempo de lecer*. Por último e non menos importante, para refrescar a mente no verán, o concurso As Cidades Visibles e uns pasatempos moi lúdicos.

Coma sempre, esta revista está coordinada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) que pretende dinamizar e fomentar o emprego da lingua galega na nosa comunidade educativa.



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



**epapu  
albeiros  
lugo**

# LETRAS GALEGAS 2022: FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

A Real Academia Galega elixiu a Florencio Delgado Gurriarán para dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2022.



Florencio Delgado en Sargadelos (1981)

Florencio Delgado Gurriarán nace case ao mesmo tempo que o novo século, no 1903, en Cógomo (Vilamartín de Valdeorras, Ourense). A súa familia, firmemente vinculada co traballo da terra, inculcoulle non só o respecto polo medio senón tamén polo idioma e a cultura galegas. Aínda despois de pasar case toda a nenez dunha cidade castelá a outra, nunca esquece Valdeorras, onde regresan cada verán e onde volve tras a morte da súa nai coa carreira de dereito rematada para comezar unha nova vida.



Paseando pola rúa recién chegado a México, arredor de 1939


Os primeiros bocexos de literatura aparecen recompilados nunhas vellas carpetas que el mesmo titulou xa na vellez como *Trangalladas de meniño*.

Parvadas, aquí vemos xa xogos de creación literaria e de rima de elevada calidade para a idade na que foron feitos.

Despois destes xogos rimados, comeza a publicar nos anos trinta poemas soltos nos xornais El Heraldo Gallego e A Nosa Terra. Algún dos

poemas que aparecen son as primeiras versións dos que despois comporán *Bebedeira*. En 1933 ingresou no Partido Galeguista e tralo comezo da Guerra Civil exiliouse primeiro a Portugal e Francia e tres anos máis tarde a México onde exerceu diversas profesións.

No exilio colaborou con varias organizacións como a Alianza Nacional Galega, o Ateneo de Galicia en México ou O Fogar Galego; ademais, dirixiu a revista Saudade. En 1944 participou como mandatario do Partido Galeguista no pacto Galeuzca, formando parte do Consello de Galicia en México. Trala constitución do Padroado da Cultura Galega en México que impulsou a creación da revista Vieiros, Florencio Delgado formou parte da súa dirección xunto con Carlos Velo e Luis Soto.



Portada do poemario Bebedeira

En 1963 publicou *Galicia infinda* e en 1981 *Cantaneras*. Cinco anos máis tarde publicou en México o seu derradeiro libro, *O soño dun guieiro*. En 1976 e 1981 volveu a Galicia para tomar posesión do seu cargo como membro da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Valdeorreses.

Faleceu en California (EEUU) en 1987, onde estaba sendo tratado de problemas cardíacos.

Velaquí, na páxina seguinte, unha selección dos seus textos poéticos.



Florencio Delgado con Ramón Cabanillas e Elixio Rodríguez en México, arredor de 1940



## Opini3ns sobre o galego (1933)

*Preguntade a calquer neni3o pera  
dos que a feixes se atopan pol-as vilas,  
qu3 opini3n 3 a que ten da nosa fala,  
e diravos axi3a:*

*“Yo te soy m3s gallego que cualquiera,  
mas ¡caray! ¿voy hablar cual los paisanos?  
¡No en mis d3as!, yo te soy hombre fino,  
no te soy ordinario.” (...)*



*Florencio Delgado e a s3a muller, Celia, na viaxe de noivos  
por Veracruz (M3xico) en 1944*

## O viaxeiro (1963)

*Novo Odiseo, a vida paso en xeira  
por mal pra cinco bocas de papoula.*

*Mi3a dona, Pen3lope crioula,  
fica a tecer, de cote, a s3a angueira.*

*E vou sen inquedanza viaxeira,  
pois xa te3o nas sens lixos de foula,  
co anxeio de voltar, criancil troula  
3, pra min, ataxenta ventureira.*

*Cami3o con disfrace de estraverso,  
coma calquera comercial axente,  
a visitar galenos e farmacias.*

*E namentras en min xermola un verso  
vou, por fora, a nadare coa corrente  
je ata a rir chego do siareiro as gracias!*



*Florencio Delgado e os seus fillos, arredor de 1954*

## Nomes (1963)

*Nomes de Mich3acan,  
son garruleiro e lisgairo:  
Tsintsunsan, Paricut3n,  
Sirahuen, Uruapan, Ario,  
Sar3racua, Cupatizsio  
Tanganc3cuaro, Tac3mbaro...  
Nomes da tarasca terra,  
¡rechouch3o de paxaros!*

*.....  
de antergo e de nobre alamio:*

*Nomes da veira do Sil  
Val de Afreixo, Val de Godo,  
a Pena da Moura, o Castro,  
Porto Mourisco, Baxeles,  
C3rgomo, Castelo, Arnado,  
Outarelo, Millarouso,  
Portela, Cesures, Arcos...  
Nomes, nomes de Valdeorras,  
¡d3ce e sonoro canto!*

**Biografía: Rosa Mar3a G3mez L3pez - 3º ESA E**  
**Selecci3n de textos: David Fern3ndez P3rez**

Imaxes:  
-consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=1077

# O NOSO GALVÁN: DARÍO XOHÁN CABANA (1952-2021)

O 19 de abril de 1952 naceu na parroquia de Roás, no Concello de Cospeito, o noso galván Darío Xohán Cabana Yanes, tal como o denomina María Xosé Fernández Cerviño nun artigo de La Voz de Galicia nas datas do seu pasamento.

Efectivamente Darío Xohán Cabana foi todo un galván e cabaleiro das letras: valente, traballador e esforzado por defender o noso. Por isto dende o noso centro e dende o noso pobo ben merece unha homenaxe neste curso 2021-22 no que nos deixou. Merece unhas verbas *in memoriam* e unhas verbas ben faladas. Lembrounos Xesús Fraga, o premio nacional de narrativa 2021, nun artigo sobre o autor co gallo da súa morte, que nunha xuntanza en 2005 arredor da obra *Merlín e familia*, Darío Xohán Cabana non gustou do que alí se dicía e erguéndose moi afouto dixo: “cando eu falo, procuro elixir ben as miñas palabras, e conto con que os demais cando se dirixen a min fagan o mesmo”. Isto demostra a personalidade e calidades cabaleirescas que posuía, a valentía para defender o que consideraba correcto e o don de expresalo coas mellores palabras.

Darío Xohán Cabana naceu no seo dunha familia campesiña como primeiro fillo dos cinco que terían o seu pai Ricardo e a súa nai Damiana na casa coñecida como “A casa da Inés”, nome que despois levaría Marinés, a súa irmá máis nova.

Os seus primeiros estudos foron na vella escola de Roás, aínda que despois marchou a Lugo para estudar o bacharelato no instituto masculino, hoxe IES Lucus Augusti. Aquí escribiu as súas primeiras composicións.

Foi educado baixo a ideoloxía republicana e comunista do seu pai, o que influíu no traballo e posterior visión política do autor. De feito, dende 1968 militou na esquerda nacionalista; primeiro na Unión do Pobo Galego (UPG) e logo no Frente Popular Galego.

No 1971 marcha á cidade de Vigo a traballar e logo a facer o servizo militar. Alí coñece á que sería a súa muller, Amelia Outeiro, e coa que casa nunha cerimonia na que exercen como padriños, o gran poeta da Chaira e gran amigo seu, Manuel María e maila súa dona.

Xa de volta a Lugo traballa en varios oficios, entre eles como vendedor de libros ambulante, o que lle permitía ir tirando ou, como el dicía, ir subsistindo. Posteriormente marchará a Corcubión para exercer como garda municipal durante unha tempada até que, de volta á nosa cidade, exercerá como funcionario municipal encargado de diversas labours, entre elas vixilancia dos edificios municipais de tipo cultural. Ademais disto, dende decembro de 1987 até que finou, artellaba diariamente o encrucillado que se publicaba no xornal de La Voz de Galicia.

Todo un “Galván” de Saor efectivamente. Galván polo don co que artellaba as verbas, galván por como creou o título da súa obra *Galván en Saor* (1989), a máis vendida na literatura galega. Título que ó revés agacha con gran mestría o nome da súa aldea natal, Roás.

Pero este título foi un de moitos na súa carreira literaria. Foi escritor de poesía, narrativa, ensaio, literatura infantil-xuvenil e tradutor. Gostaba da literatura clásica e por isto son moitos os libros traducidos por el. Entre eles títulos como *Cancioneiro* de Francesco Petrarca (1989); *A Divina Comedia* (1990) e *Vida Nova* de Dante Alighieri (1994); *Os tres mosqueteiros* de Alexandre Dumas (2000); *Antoloxía do Doce Estilo Novo* (2004); *Os trobadores da Occitania* (2011); e *Xácome o fatalista* de Denis Diderot (2021). Algunhas destas obras as revisa posteriormente en profundidade, chegando até nalgún caso a traducila de novo e publicala, como por exemplo, o *Cancioneiro* de Petrarca en 2012.

A súa obra poética recompilouna nun tomo titulado *Vinte cadernos* (2003).

En narrativa, ademais da xa mencionada *Galván en Saor*, teremos títulos como *Fortunato de Trasmundi* (1990), *Vidas senlleiras* (1992), *O cervo na torre* (1994), *Morte de rei* (1996) ou *Mitos e memorias* (2003). Tamén figura na súa temática o ensaio en títulos como *Xosé María Álvarez Blázquez: vida e obra* (2008) ou *Guía da provincia de Lugo* (1998).

Autor polifacético onde os haxa, traballou todos os xéneros e inculcou o amor pola lingua e a literatura ós seus fillos. Deste xeito publicou en Edicións da Curuxa, empresa dirixida polo seu fillo Martiño e, colaborou nalgún ensaio coa súa filla Alexandra.

Formou parte da RAG dende abril do 2006 onde entrou co discurso “De Manuel María a Ferrín: a gran xeración”.

Toda unha vida marcada polas letras e a prol da lingua que rematou ós 69 anos en Romeán (Lugo) o 17 de novembro do pasado ano vítima dun cancro.

Como homenaxe vaia esta lembranza na súa honra e, a continuación recordamos composicións de Darío Xohán Cabana cantando á morte ou homenaxeando a outros.

Texto e foto:  
Auria Bóveda Morandeira- Depto. Lingua e literatura galega

Retrato:  
Jael Balseiro Porto - 2º BAC B



*Dicídeme que a morte  
do noso camarada  
é pedra de futuro  
cemento de alborada  
roxa estrela, martelo,  
fouce, bandeira, cántiga,  
dicídime que o vento  
trae as súas palabras  
que o seu corpo baril  
pervive nas montañas,  
Que non morreu Reboiras  
Que está sempre na patria...*

"En memoria de Xosé Ramón Reboiras" (1978)

*Arrasarase o tempo  
de negra decadencia  
cara a terra ou granito  
das nosas sepulturas  
e a tristeza encheranos  
de terribles feridas  
porque somos carne  
podredoira mortal.*

"Preludio de Tánatos" (1981)

*Veño buscarte a pé pola vereia,  
pois anque sei que o tempo escorre e  
pasa,  
non sei facer, nin quero, táboa rasa  
do tempo meu que sobre o teu se  
esteá.*

*Sinto que dentro un río me alapea,  
e deito a miña ollada que se arrasa  
por estas chousas nosas e esta casa  
na que eu nacín, e agora é casa allea.*

*Considero a herballada que consume  
cada leiro que agora xa non labras,  
e o baleiro de ti, e o pesadume;*

*e anque tu endexamais a porta lle  
abras  
pra te vires quentar comigo ó lume,  
eu érgoche outra casa de palabras.*

Canta de cerca a morte (1994)

*Defenderei a casa de meu pai  
contra xeada e contra inverno frío,  
contra as calores ardigas do estío,  
contra a miseria que hoxe ma desfai.*

*Defenderei a casa que se vai  
pola corrente do espantoso río  
do tempo manso, túcero e sombrío,  
que a lenta morte a vida nos afai.*

*Defenderei as chousas da memoria  
contra a derrota que a nación me  
abranque,  
contra nocella, contra silva e cardo;*

*defenderei o orgullo e mais a gloria  
do labrador que levo no meu sangue,  
defenderei a casa do ricardo.*

Poema do autor dedicado á casa do seu pai, "a casa de Ricardo" (1994)

# QUICO CADAVAL

O Día Mundial do Libro e do Dereito de Autor, establecido pola UNESCO en 1995, celébrase o 23 de abril. Ese día é o aniversario de tres grandes autores da literatura universal: Miguel de Cervantes, William Shakespeare e o Inca Garcilaso de la Vega.

O noso centro decidiu conmemorar este día do libro convidando a Quico Cadaval (Ribeira, 1960), actor, director, adaptador teatral e narrador galego, impulsor do movemento de radioteatros xurdido en Galicia na década dos noventa.

Aprendeu a contar contos cunhas anciás e/ou amas de casas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén das historias de persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna do seu nacemento. Comezou a interpretación teatral a finais dos anos setenta no Centro Dramático Galego, e xa nos anos oitenta fundou a súa propia compañía, "O Moucho Clerc". Traballou en diferentes producións de Televisión de Galicia, así como en curtametraxes e longametraxes, e recibiu varios premios polo seu traballo no teatro. Así mesmo, foi profesor de interpretación da Operación Triunfo portuguesa no ano 2003.


É autor de textos como *Un códice clandestino* (1989), *O rouxinol de Bretaña* (1991) para a compañía O Moucho Clerc, ou *Espantoso* (2002), premio María Casares ao mellor texto orixinal do ano. Coautor tamén en ocasións como os textos *Balada das mulleres doutro tempo* con Xepe Casanova e *O rei nu* con Cándido Pazó para a compañía Ollomoltranvía. En teatro dirixiu entre outras as obras *Días sen gloria* (1993) de Roberto Vidal Bolaño, *Noite de Reis* (2008) de Shakespeare, *Oeste solitario* (2011), de Martin McDonagh ou a *Ópera dos tres reás* (2011) de Bertolt Brecht co Centro Dramático Galego.

A súa actual compañía é Producións Excéntricas Teatrais, a cal orienta os seus traballos ao territorio da comedia e da farsa, e investiga nos delicados mecanismos do humor. Serve de plataforma para as creacións de Mofa e Befas como *Finis Mundi Circus*, *Sempre ao lonxe*, *Cociña económica*, *Cranios privilexiados* ou *Shakespeare para ignorantes*. Tamén explora outras formas do humor máis sarcástico como en *Obra*, *Un cranio furado*, *Oeste solitario*, *Da Vinci tiña razón!* e *Os amores de Jacques o fatalista*. A chegada o noso centro foi motivo para presentar a súa última obra, unha dramaturxia de *O Porco de Pé*, adaptación da novela de Vicente Risco. Producións Teatrais Excéntricas inventa, para reinventar este retrato de Nós, un teatro de fenómenos cheo de monstros de barracón.

Presentamos, a continuación, algunhas das cuestións máis relevantes que lle fixemos:

## Cal é a túa visión do teatro?

Coma as súas orixes, o teatro en Grecia nace como propósito de reunirmos, para vernos, o teatro vén do grego, que se traduce precisamente como "contemplar", é dicir, onde nos vemos dalgunha maneira. Dáse ao teatro esa visión reflexiva, de espello, imos vernos, e saímos (do teatro) sabendo máis quen somos, teoricamente (cun ton sarcástico).



Quico Cadaval durante a charla no EPAPU Albeiros

## Cres que o teatro pode 'morror' fronte outros medios de comunicación audiovisuais máis recentes?

O teatro tivo a súa época de gloria cando non existía o cine, aí cando aparece o cine non se consideraba competencia porque era mudo e non daba satisfaccións que daba o teatro musicalmente pero logo o cine colleu todas as cousas do teatro e máis. Co western podes viaxar. Pensábase que ía perder co teatro. Logo chegou a televisión, estaba na casa, coas plataformas audiovisuais de Internet pasaba o mesmo pero logo aparece a expresión *Home Theatre* (teatro na casa). O importante é que o teatro segue e, aínda que é máis caro, porque é en vivo, fronte os outros medios, a xente segue indo e aínda máis despois da pandemia.

## Por que cres que nunca se fixo unha adaptación teatral de *O porco de pé* sendo tan cómica e teatral?

A min mo preguntas? Non mo preguntes a min que eu fun o que a fixen (cun ton irónico). Realmente foi un encargo da Fundación Vicente Risco e aquí estamos facendo unha obra de dramaturxia, circo, porcos e política. A idea de facer a obra foi os *varieté* (espectáculos de variedades dos circos) e a partires de aí, foi basearse na novela e crear un espectáculo.

Realizada por:

Jeefry Eliecer Gallo Agüero - 4º ESA C

Roi Pazos Portela - Dpto. Bioloxía e Xeoloxía

Jessica Pérez González - Depto. Lingua Galega e Literatura

Foto:

David Fernández Pérez



# DIEGO AS

Desde o ano 2012 véñse celebrando cada 15 de abril o Día Mundial da Arte, unha data que busca dar a coñecer a importancia que ten a arte e sobre todo o pensamento creativo, para a evolución do pensamento humano e a resolución dos problemas que nos afectan.



Diego AS posando diante do seu premiado mural

A celebración propúxoala a Asociación Internacional de Artes Plásticas (AIAP) e foi a partir de 2019 cando se oficializa o Día Mundial da Arte por parte da UNESCO. O noso centro decidiu conmemorar o día convidando a Diego AS, Lucense do ano 2021 polo seu mural de 25 metros de Xulio César situado na Ronda da Muralla, recoñecido como mellor mural urbano 2021 nunha votación mundial realizada na web *Street Art Cities*.

Diego Anido Seijas (1989), máis coñecido polo seu pseudónimo Diego AS, naceu e vive actualmente en Lugo e leva pintando graffiti ou arte urbana na rúa desde os 15 anos. Foi alumno do EPAPU Albeiros durante os anos 2009 e 2010.

Ten obras tanto na nosa cidade como noutros puntos: Oviedo, Málaga, Madrid, Barcelona, Granada, Porto. Posúe formación nas artes gráficas, como serigrafía e gravado artístico superior e seis anos traballados no mundo da impresión dixital con rotulación e outros formatos.

Desde 2015 dedícase profesionalmente a todo tipo de encargos de murais, sempre sen deixar de

lado os seus traballos máis persoais. Tamén pinta con diferentes técnicas noutros formatos, como cadros ou outros soportes, no estudio.

Presentamos, a continuación, algunhas das cuestións máis destacadas que lle fixemos:

## Que tal foi a túa experiencia no EPAPU?

Xeralmente moi boa xa que levaba uns anos sen estudar porque comecei a traballar na construción ós 15 anos. Xa cando es maior de idade (18 anos) reflexionas un pouco e dis "teño que estudar para formarme no que me gusta" e, así foi.

## Como podes iniciarte no mundo do graffiti ou muralismo?

Pois normalmente o ideal é pedir consello ó Concello onde poidas practicar e comezar nun muro e, cunhas pautas moi básicas que che diga alguén que sabe, xa podes iniciarte. Eu comecei ós quince anos nun acto de rebeldía e o que aforraba era para sprays (o prezo base de cada bote é de 5 €/cor) ou para festas (risas) xa que é caro.

## Como xurdiu a idea do mural do Xulio César?

O Concello quería facer algo coa fundación de Lugo, chamáronme e eu aceptei encantado sen pensar na repercusión que tivo. Coma sempre eu busco en Internet a partires de fotografías. Primeiro busquei por Augusto (o fundador de Lugo) pero non era moi agraciado, entón atopei a Xulio César, que era emperador tamén de Roma e como a cidade é romana, dixeron por que non? e así buscando buscando atopei esta e estaba moi ben porque parecía estar en movemento e, tras uns retoques, fixémoslo.



Charla de Diego AS no EPAPU Albeiros



Facebook de Diego AS

Antonino Gugliandolo López - 2º BAC B  
Yobania Barro Carreira - 2º BAC B  
María José Fernández Gallego - Dpto.  
Xeografía e Historia  
David Fernández Pérez (Foto da charla)

Imaxe:  
-[www.facebook.com/diegoas\\_graffiti-178232230496588](https://www.facebook.com/diegoas_graffiti-178232230496588)

# ORIENTACIÓN


## IGUALDADE, AÍNDA UNHA MATERIA PENDENTE

Ao longo deste curso participamos no programa “Por 365 días de respecto e igualdade” dentro do Plan Proxecta. Este é un programa educativo que ten por obxectivo intervir coa poboación máis nova para prever a violencia de xénero.

Nos últimos anos, detéctanse moitos casos de relacións de parella entre adolescentes e xente moi nova cunha forte carga de violencia verbal e incluso física. Ademais, estudos recentes como o realizado polo Ministerio de Igualdade e a Universidade Complutense de Madrid, amosan que entre a poboación máis nova aínda persisten ideas cargadas de sexismo e que xustifican a violencia.

Tamén, as condutas e actos machistas, unido aos micromachismos que seguen moi arraigados, así como a asunción de roles que se perpetúan no tempo, reforzan a necesidade de traballar esta temática e afondar, dende unha perspectiva crítica, nas desigualdades que se produciron ao longo da historia e condicionan o noso presente.

A través do programa traballamos estes contidos mediante diferentes actividades. Entre elas, destacamos a obra de teatro, *Golpes*, o día 25 de novembro, protagonizada pola actriz Estibaliz Veiga, que reflicte a vida dunha muller maltratada dende a súa adolescencia ata a vida adulta e as consecuencias desta situación nas súas relacións de parella e coas súas amizades.



Cartel oficial do espectáculo *Golpes* de Estibaliz Veiga

Tamén realizamos obradoiros nos que traballamos a violencia de xénero no contexto das relacións, a importancia do autoconecemento, da reafirmación positiva, dos tempos e espazos de cadaquén, da comunicación e da vulnerabilidade nas contornas dixitais e a necesidade de interpretación das mensaxes.

Na fin de marzo e comezos de abril puidemos desfrutar no noso centro da exposición

**EXPRESSARTE**  
**15 visións.**

Unha perspectiva de diferentes realidades dende o punto de vista da arte, na que quince mulleres vítimas de violencia de xénero, ofrécenos a súa visión da muller a través de cadros da historia da arte convertidos en

fotografías das que son protagonistas. O autor das fotografías é Juan Rivas.



Cartel anunciador da exposición Expressarte 15 visións

Todos os Departamentos contribuíron ao desenvolvemento do programa no centro participando activamente nas actividades programadas e organizando outras como, por exemplo murais, exposicións ou recitais que se levaron a cabo para conmemorar datas sinaladas como o Día das Escritoras, 25N, Día da Paz, Día de Rosalía, entre outras.

Beatriz Trigo Lombao (Texto e foto)  
Departamento de Orientación



# AS EMOCIÓNNS PÚBLICAS E AS HUMANIDADES

As sociedades da modernidade tardía (ou modernidade líquida), definidas por sociólogos e antropólogos baixo o epígrafe da era da información e do coñecemento, deben, máis que en ningún outro momento da historia, ofrecer ferramentas emocionais, actitudinais e cognitivas ós seus cidadáns. Instrumentos que permitan que os membros das polarizadas sociedades actuais transiten, de forma efectiva, do status de individuo ó de cidadán.

Pero os gobernos de case tódalas nacións prósperas apostaron, dende mediados do século pasado, polos saberes técnico-científicos a modo de baluarte para o crecemento monetario e, en boa parte, como andamiage da súa (infra)estrutura económica; deixando a un lado o pensamento reflexivo, deliberativo, emocional e imaxinativo, que quedaría marxinado e relegado ó ostracismo e ó anecdótico. Este erro, de magnitudes colosais, afecta á propia constitución dos sistemas democráticos, que precisan dunha cultura emocional e imaxinativa que incite a crear vínculos afectivos —e efectivos— entre os seus membros a través de emocións públicas ou políticas capaces de brindar —e blindar— conexións consistentes entre os mesmos.

Pois para conformar unha cidadanía empática, emocionalmente desenvolvida e altruísta debemos ter en consideración emocións políticas como a compaixón, a solidariedade ou o amor. Precisamos, nas institucións sociais en xeral e nas educativas en particular, dunha educación que máis aló dos saberes lóxico-formais inculque no alumnado emocións públicas que permitan recoñecer o sufrimento do outro, a dor do outro, o proceso polo que está transitando o outro... en definitiva, emocións que permitan cognitiva e emocionalmente poñerse nos zapatos do outro e, dende dita posición, actuar. E son precisamente as humanidades quen, dende a súa dimensión narrativa, incitan, a través das historias do outro, a que poidamos (re)coñecer realidades —e vidas— afastadas a nós tanto espacial como temporalmente e tomar conciencia das mesmas.

Se ben os saberes lóxico-formais e técnico-científicos contribúen de forma significativa ó progreso económico e ó benestar das sociedades,

estes son insuficientes para fomentar unha imaxinación ética, así como certas emocións comunitarias que nos axuden a recoñecernos como membros dunha humanidade en común (cosmopolitismo). Precisamos das humanidades para desenvolver unha imaxinación moral que nos faga ir máis aló da imaxe do ser humano arraigada nos imaxinarios socioculturais; unha imaxe que nos define como seres fortes, independentes, invencibles e poderosos. Precisamos ser capaces de vernos a nós mesmos como o que realmente somos: seres vulnerables, fráxiles, necesitados e en constante interdependencia cos demais.

A perigosa supresión das humanidades no currículo educativo evidénciase como unha sintomatoloxía e ó mesmo tempo como unha alerta de que as democracias actuais logo quedarán orfas no relativo á autonomía moral e á propia liberdade do individuo. O rumbo que tomen as humanidades nos diversos sistemas institucionais será un símil, a curto e medio prazo, da traxectoria que tomaremos como conxunto da humanidade.



*Martha Nussbaum (EUA, 1946) é unha recoñecida filósofa que traballou, principalmente, na economía do desenvolvemento xunto co nobel Amartya Sen. Ademais, escribiu obras filosóficas de gran relevancia no relativo á educación, ás emocións e á literatura. Foi homenaxeada co Premio Príncipe de Asturias do ano 2012, que lle outorgaron polo seu gran labor no ámbito da filosofía, da literatura e da economía.*

**Abel Otero Ordóñez**  
Departamento de Filosofía

*Imaxe:*  
[-theobjective.com/further/cultura/2018-07-04/martha-nussbaum-saul-levmore-envejecer-con-sentido/](https://theobjective.com/further/cultura/2018-07-04/martha-nussbaum-saul-levmore-envejecer-con-sentido/)

## LATÍN

# PARA QUE SERVE ESTUDAR A CULTURA E AS LINGUAS CLÁSICAS?



*Hipatia de Alexandria*  
Mural no CPI de Castroverde realizado por Diego AS

O estudo das linguas clásicas non está de moda. Os expertos en educación e os distintos gobernos cren que é máis práctico impartir outras materias porque as clásicas non serven e por iso quedan apartadas dos currículos do bacharelato. Tamén se estende a idea de que o alumnado que decide facer o bacharelato por Humanidades busca unha opción “máis sinxela” (chapar e listo). Pero nada máis lonxe da realidade, o estudo destas materias require disciplina, método, comprensión e relación como calquera outra aprendizaxe. As linguas clásicas axudan a pensar, a ter criterios propios; a tradución de textos clásicos resulta un entreno para analizar e interpretar calquera situación complicada e aporta unha bagaxe intelectual e laboral básica.

Os estudantes de linguas clásicas teñen unha especial curiosidade por saber e aprender, pois a cultura clásica é interdisciplinar e é a base de todos os saberes; para o coñecemento das linguas, e non só das romances, son case imprescindibles o estudo do latín e do grego porque permiten coñecer a estrutura sintáctica, morfolóxica e léxico-semántica das nosas linguas así como a relación entre elas.

Pero os clásicos aportan tamén outros coñecementos: se miramos ás Artes en todas as súas disciplinas: pintura, escultura, arquitectura,

urbanismo ... todas beberon dos clásicos, nas formas e nos motivos.

Que dicir da literatura? Os diferentes xéneros literarios; os temas, os mitos e os tópicos; a métrica; as figuras literarias, todo está directamente vencellado ao mundo clásico.

A nomenclatura na Medicina, na Bioloxía, no Dereito...

A Filosofía que naceu en Grecia e non deixou de ser importante para axudarnos no razoamento lóxico e no pensamento crítico da vida.

A Historia para que non esquezamos de onde vimos e por onde pasamos.




Tamén deixaron unha fonda pegada no Dereito, na estrutura do exército e nas súas tácticas, na política (a Grecia clásica é o berce da democracia)...

E seguímonos preguntando para que serve o estudo das linguas e a cultura clásica? **Serve para todo** porque a cultura clásica senta as bases da civilización occidental a través da cultura, da arte, do pensamento, da lingua; e como din os máis vellos: o que sabe, sabe.

**SÚMATE Á NOSA CAMPAÑA  
PARA REIVINDICAR O RESPECTO  
E PROTECCIÓN DAS CLÁSICAS  
NO ENSINO**



**S.O.S. CLÁSICAS**


 @sosclasicas  
 @ClasicasSos  
 SOS Clásicas

**Elena Goy Ferreiro**  
Departamento de Latín

*Imaxe:*  
-[www.elprogreso.es/articulo/comarca-lugo/hipatia-alexandria/202203081431051562968.html](http://www.elprogreso.es/articulo/comarca-lugo/hipatia-alexandria/202203081431051562968.html)




INGLÉS

# NARRATIVA PARA UNHA NOVA NORMALIDADE

O pasado mes de abril trouxo consigo a fin da obrigatoriedade das máscaras en interiores, un paso adiante cara a chamada “nova normalidade”, termo que con exceso de optimismo comezou a facerse popular xa no 2020 ao comezar o devalo da primeira vaga da Covid. A fortuna de vivirmos no primeiro mundo fixo posible que a sociedade se acomodase pensando que as traxedias que contemplaban desde o televisor nunca atravesarían as pantallas para afectarlles en primeira persoa. Foi precisa unha pandemia para espertar do sono e comprobar como a vida pode cambiar da noite para a mañá: o medo a infectarse dunha doenza descoñecida, non poder saír da casa durante meses, perder o traballo, a soidade das restricións e a incerteza ante o futuro.

Sermos testemuñas directas deste período histórico pode que nos axude a interesarnos polo mundo das distopías, un xénero narrativo no que a literatura en lingua inglesa ten deixado grandes clásicos como *1984*, *Fahrenheit 451* ou *Brave New World (Un mundo feliz)*, considerados os alicerces do xénero. Ademais da sorpresa que poida causar na persoa lectora a capacidade profética dos autores tal vez sexa a oportunidade que estas obras nos ofrecen de reflexionar sobre nós como sociedade e sobre os nosos hábitos aquilo que as fai especialmente recomendables. Que semellanzas atoparemos entre a nosa “nova normalidade” e a normalidade na que viven nestas distopías?

George Orwell (Reino Unido, 1903-1950), que xa



Portada da 1ª edición inglesa de 1984 e retrato de George Orwell en 1940

en *Animal Farm* deixara ver a súa vontade de describir a opresión da sociedade ante a tiranía das clases dominantes, conseguiu con *1984* trasladar o microcosmos da granxa ao mundo enteiro, debuxando unha sociedade totalmente sometida e controlada, tanto física como psicolxicamente.

Esta novela deixou termos como *Big Brother* así como interesantes reflexións sobre o uso intencionado da linguaxe, a normalización da violación total da intimidade por medio de cámaras (como as que todos temos nos teléfonos e ordenadores), ou a persecución por crimes de pensamento para asentar o discurso único.

*Fahrenheit 451* é unha novela escrita por Ray Bradbury (EEUU, 1920-2012) que nos presenta a Guy Montag, un bombeiro que vive nunha época na que o seu traballo consiste en provocar incendios. Cando alguén sospeita que o seu veciño pode ter un libro, os bombeiros acoden deseguido a prenderlle lume. Intrigado polo potencial que poden ter os libros para merecer tanta persecución, Montag comeza a interesarse por eles, sendo estes tamén unha saída ante o cansazo que lle causa pasar o día aparvado diante da televisión, o pasatempo favorito da sociedade do seu tempo.

Por último, *Brave New World* preséntanos o que a priori é un mundo ideal. Aldous Huxley (Reino Unido, 1894-1963) describe unha sociedade na que a guerra e a pobreza non existen e a xente vive nunha permanente felicidade. Porén, para conseguir esta meta foi preciso renunciar a conceptos tan intrínsecos á natureza humana como o amor ou a familia. De feito, a reprodución humana efectúase en laboratorios por parte do estado, quen tamén predispón aos individuos dende o nacemento para que ocupen o seu lugar asignado dentro da escala social na que se estrutura este mundo ideal. Esta visión científica da reprodución fixo a esta novela pioneira en abrir o debate da modificación xenética ou embrionaria así como dos posibles usos da tecnoloxía reprodutiva.

Estas obras serviron de inspiración e deixaron unha fonda pegada en obras contemporáneas de grande éxito, como a banda deseñada *V for Vendetta*, levada ao cinema en 2006, ou na recente serie británica *Black Mirror*, na que moitos capítulos beben directamente de fragmentos destas obras. Con todo, sexa cal sexa a obra escollida para iniciarse no mundo das distopías, facelo con espírito crítico e con vontade de reflexionar sobre a historia axudará a persoa lectora a tornarse nun Winston Smith ou nun Guy Montag e querer saír do rabaño para ser a personaxe principal da súa propia historia.

David Álvarez Núñez  
Departamento de Inglés

Imaxes:  
-joseangelgonzalez.com/utopias-perversas/11-1984/  
-Retrato de G. Orwell coloreado por cassowarycolor.com

## BIBLIOTECA

PERO QUE PASA NA BIBLIO?  
QUE LÍO É ESE?

É probable que ao longo do curso vos teñades preguntado o que estaba pasando na biblioteca, parecía que pasara un furacán!!, andeis baldeiros, libros polo chan, polas mesas, ás veces case nin sitio tiñades para sentarvos. Pois todo ese lío que tiñamos “montado” non era máis que unha aparente desorde provocada pola necesaria remodelación, dada a falla de espazo que padecemos na biblioteca do centro, e que nos levou a propoñernos ao comezo de curso dar unha solución momentánea a esa situación, pois o problema segue estando aí, e o número de libros segue a medrar.

Que foi o que fixemos? Basicamente retirar todos aqueles libros obsoletos ou duplicados e con pouco uso, e, seguindo as recomendacións de “Bibliotecas Escolares”, retirar tamén a maioría das enciclopedias, que hoxe non teñen uso ao quedar desprazadas polas novas tecnoloxías. Algunhas estaban ata duplicadas e moitas son xa auténticos “dinosaurios” dende o punto de vista da información. Aproveitamos tamén para actualizar e unificar a clasificación e catalogación.

Moitos dos libros retirados foron colocados no corredor do primeiro piso á vosa disposición para que matedes o tempo de espera, consultalos alí mesmo ou incluso levalos prestados, pasando pola biblioteca para que quede rexistrado o préstamo. Así mesmo intentaremos ir sacando á luz moitos libros gardados en diferentes espazos do centro precisamente por ese problema de espazo.

Esperamos que no que queda de curso poidamos deixar definida a instalación e organización xeral de todo o fondo bibliográfico, aínda que somos conscientes de que queda moito traballo por facer

para cursos vindeiros. Intentamos que toda esta “revolución” vos afectase o menos posible mantendo o préstamo con normalidade.

Así mesmo, dende a biblioteca desenvolvemos e colaboramos nalgunhas das actividades realizadas no instituto como foron:

- Club de lectura para ESA e BAC.
- *As cidades visibles*, actividade que xa comezamos o curso pasado e na que colabora a intérprete de linguaxe de signos Nancy Bobillo.
- Exposición de textos e libros para conmemorar distintas efemérides: o Día das escritoras, o 25 N e 8 de marzo; esta actividade realizouse en colaboración co Departamento de Orientación.
- Exposición Manuel María: *O Miño. Canle de luz e néboa*
- Con motivo do “Día do Libro” colocáronse na entrada dúas mesas con obras para intercambio, pretendemos converter esta actividade en permanente, de xeito que para o próximo curso as obras que sobren desta actividade e algunhas máis, colocaranse a vosa disposición na porta de entrada da biblioteca para levar e traer.

Nin que dicir ten que dende a biblioteca esperamos que nos fagades chegar todas as vosas suxestións, queixas, recomendacións... para ir mellorando este servizo do centro todo o que poidamos.

**Maria José Fernández Gallego**  
Depto. de Xeografía e Historia

**María Luisa Ferreiro Galán**  
Depto. de Lingua e Literatura Galegas

Foto:  
**Beatriz Trigo Lombao**



Carteis e exposición de libros do 25-N na Biblioteca María Xosé Rodríguez Valcárcel





2º premio  
Concurso  
Fotografía  
Matemática

**Aiman Damoun**  
2º ESA A

*Sen título*

I.L.S.E. (INTÉRPRETES DE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA)

# PERSOAS XORDAS E LINGUA DE SIGNOS NO CINE E NA TELEVISIÓN

Este ano 2022 será recordado na comunidade xorda polo éxito da película *CODA*, que arrasou no Festival de Sundance e foi gañadora de tres Oscar da Academia de Hollywood: á Mellor Película, ao Mellor Guion Adaptado e ao Mellor Actor Secundario. *CODA* (acrónimo de *Child Of Deaf Adult*, Fillo/a de Adulto Xordo) é unha comedia dramática que nos fala da realidade cotiá dunha familia composta por pais xordos, un fillo xordo e unha filla ouvinte,

que é a protagonista da cinta. A película é unha versión do filme francés *A familia Bélier* (2015).

Pero *CODA* non é a única película na que aparecen reflectidas as persoas xordas e a lingua de signos. Queremos propoñervos unha breve selección de películas e series dispoñibles en plataformas que podeades ver para coñecer un pouco máis sobre a comunidade xorda e a lingua de signos.


## Series que nos parecen interesantes:

### **Cambiadas ao nacer** (*Switch At Birth*)

Serie de TV (2011-2017)  
5 temporadas, 103 episodios  
Dispoñible en: Netflix

#### **Sinopse:**

Dúas adolescentes descubren que foron cambiadas no hospital ao nacer. Bay (ouvinte), Daphne (xorda) e as súas familias, deben afrontar a nova situación.



#### **Por que é interesante:**


Se ben a perspectiva sociocultural da xordeira e a lingua de signos están moi presentes nesta serie, no seu desenvolvemento a súa presenza está normalizada e todas as tramas teñen interese por si mesmas. Ao ser longa, é unha boa oportunidade para ver reflectidos moitos aspectos da lingua de signos americana e do comportamento das persoas xordas.

### **Universidade para xordos** (*Deaf U*)

Telerrealidade (2020)  
1 temporada  
Dispoñible en: Netflix

#### **Sinopse:**

Deaf U é unha serie de telerrealidade que amosa a vida universitaria dun grupo de estudantes xordos na universidade de Gallaudet (Washington D.C., EEUU).



#### **Por que é interesante:**

É a primeira vez que unha serie de televisión se adica exclusivamente a amosar as vivencias das persoas xordas.

Trátanse temas relacionados coas diferenzas de estatus entre as distintas persoas xordas polo feito de pertencer a familias máis ou menos coñecidas na comunidade, por ter tido acceso previamente a determinados recursos, manexar-se coa lingua oral, etc.

### **This close**

Serie de TV (2018-2019)  
2 temporadas, 14 episodios de 30 minutos  
Dispoñible en: SundanceTV, Movistar Plus

#### **Sinopse:**

É a historia de dous amigos xordos que se coñecen desde a infancia. Kate é unha organizadora de eventos e está recentemente comprometida cun rapaz ouvinte que non se esforza moito por aprender a lingua de signos. Michael é un debuxante de cómics que se atopa nun bloqueo creativo despois dunha ruptura coa súa parella. Ámbolos dous comparten os seus problemas.



#### **Por que é interesante:**

Os seus protagonistas, Josh Feldman e Shoshannah Stern, son xordos e usuarios da lingua de signos americana (ASL). Na serie fálase tanto a lingua oral como a lingua de signos, pero é plenamente accesible, xa que conta con subtítulos. No equipo de rodaxe e no elenco hai en total 25 persoas xordas.



## Mírame cuando te hablo

Webserie (2014-2016)  
2 temporadas con capítulos de 13-20 minutos  
Producida por Idendead (idendeaf.es)  
Disponible en Youtube (código QR)



### Por que é interesante:

*Mírame cuando te hablo* ten moitos puntos ao seu favor. É unha serie rodada íntegramente en lingua de signos pero dobrada ao español e subtitulada. É unha comedia lixeira de corta duración pensada para un público amplo, que presenta situacións universais coas que é doado identificarse á marxe da lingua na que está rodada.

Ao mesmo tempo, como ben explican na información da propia web da produtora Idendead, a serie está pensada para ser “unha plataforma para tender pontes férreos entre a cultura xorda e a dos oíntes.” Ademais conta con múltiples galardóns.

### Sinopse:

Catro amigos comparten apartamento e a súa vida cotiá, chea de momentos de humor.

## Películas que nos parecen interesantes:

### *Fillos de un Deus menor* (Children Of A Lesser God)

Película (1986)  
118 minutos  
Dispoñible en: YouTube, Amazon Prime Video, Google Play Movies, iTunes, Microsoft Movies and TV e Rakuten TV

### Sinopse:

A película explora os problemas habituais dun centro educativo, coa diferenza de que este é un colexio para xordos, polo que algúns dos problemas toman outra dimensión, agravados polo illamento. Por outra banda, o protagonista (docente do colexio), namórase dunha traballadora do centro, tamén xorda.



### Por que é interesante:

Grazas á súa actuación nesta película, Marlee Matlin, a actriz protagonista, foi a primeira persoa xorda en gañar un Oscar. Tamén traballa como actriz secundaria na película CODA.

### *Un lugar tranquilo* (A Quiet Place)

Película (2018)  
90 minutos.  
Dispoñible en: Netflix, Amazon Prime Video

### Sinopse:

A lingua de signos convírtese nesta película no único medio de comunicación para unha familia que, nun mundo posapocalíptico, vese na obriga de non facer ruído na súa casa no bosque para evitar espertar a aquilo que os ameaza.



### Por que é interesante:


A rapaza protagonista é a actriz xorda Millicent Simmons.

### *Audible*

Curtametraxe (2021)  
39 minutos  
Dispoñible en: Netflix

### Sinopse:

Esta curtametraxe documental amósanos a Amaree McKenstry-Hall e os seus compañeiros da



Escola para Xordos de Maryland (EEUU) na súa loita por triunfar no fútbol americano, así como os seus problemas na vida persoal.

### Por que é interesante:


Nominada a mellor curtametraxe documental nos Premios Oscar no ano 2021.

## O milagre de Anne Sullivan (The Miracle Worker)

Película (1962)  
107 minutos  
Dispoñible en: Youtube e Filmin

### Sinopse:

Helen é unha nena xorda e cega que chega á adolescencia no seu mundo illado, sen ter unha lingua que lle permita comunicarse co exterior, moi mimada e completamente carente de normas de comportamento. A familia contrata a Anne Sullivan, unha mestra con problemas de visión que, con moita paciencia a perseverancia, decide sacar a Helen dese illamento dándolle unha ferramenta de comunicación e educándoa para vivir en sociedade.



### Por que é interesante:

Amosa o proceso de adquisición dunha lingua a partir de métodos que inclúen o alfabeto dactilolóxico na palma da man. Podemos ver a importancia de contar cunha lingua para poder desenvolver-se como persoa e na sociedade.


O filme foi galardoado con varios Premios Oscar: Mellor actriz principal (Anne Bancroft) e mellor secundaria (Patty Duke), ademais de nominacións a mellor director, guión e vestuario.

## O son do metal (Sound Of Metal)

Película (2019)  
120 minutos  
Dispoñible en: Amazon Prime

### Sinopse:



Un rapaz que é batería dunha banda de música comeza a perder audición.



### Por que é interesante:

Obtivo 6 nominacións e 2 galardóns aos Premios Oscar no ano 2020, a Mellor Montaxe e Mellor Son. O actor protagonista (Riz Ahmed) foi nominado nos Globos de Ouro a Mellor Actor de Drama.

Se desexas saber máis sobre películas e series con presenza de persoas xordas, xordocegas e as linguas de signos, podes seguir os seguintes enlaces a través dos códigos QR:

<p>Presenza das linguas de signos no cine e televisión (Centro de Normalización Lingüística de la LSE):</p> 	<p>Xéneros e Topics: Discapacidade auditiva (Filmaffinity):</p> 
<p>Lista de Películas relacionadas coa Xordeira (Wikipedia en inglés):</p> 	<p>Series e películas con lingua de signos que podes ver agora en streaming (Excepcionales):</p> 



Marta Miranda Gómez - I.L.S.E.  
Nancy Bobillo García - I.L.S.E.

Sobre CODA:  
[www.excepcionales.es/2022/01/coda-película-lengua-signos.html](http://www.excepcionales.es/2022/01/coda-película-lengua-signos.html)

Sobre as outras películas e series:  
-filmaffinity.com  
-idendeaf.es





3º premio Concurso Fotografía Matemática  
**Noemí Barro Carreira** - 1º BAC B  
*Organigrama dunha araña*

## DIRECCIÓN E EDLG




# USO DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) actúa baixo a supervisión da dirección do centro e está formado por profesorado das distintas etapas educativas que ofrece o EPAPU Albeiros. O obxectivo fundamental do EDLG é o de favorecer e coordinar os labores de divulgación e uso da lingua galega. Por todo iso, este Equipo céntrase en que o galego estea presente mediante un conxunto de obxectivos polos que traballa a través dunha serie de actividades que propoñen para conseguilo.

Neste punto, e por vez primeira na revista, presentamos un artigo conxunto no que vemos o emprego da lingua galega. Os datos obtivémolos a partir dunha enquisa que se levou a cabo o ano pasado e que este reflectimos cos seguintes gráficos.


Estes enunciados serviron para ver que a maioría dos 9 docentes enquisados consideran que o emprego do galego debería ser positivo. O ensino en galego axuda.

Se analizamos polo miúdo as respostas sobre a lingua materna e sobre a lingua habitual dos docentes do centro, vemos que é maioritariamente galegofalante en todos os ámbitos da vida cotiá, dente a súa infancia ata a actualidade empregando moito máis coma lingua habitual o galego:







Porén, a lingua materna do alumnado é diferente á do profesorado, xa que a maior parte do alumnado aprendeu ambas linguas. Debemos ter en conta que neste centro o rango de idade varía moito ó se tratar de alumnado adulto.



Se vemos os datos de lingua habitual no centro, estes son sorprendentemente negativos xa que case non hai alumnos que empreguen o galego nin cos profesores que lles falan en galego. No caso do emprego da lingua fóra do centro pasa o mesmo. A meirande parte do alumnado usa exclusivamente o castelán.



Como reflexión final convén ter en conta que a lingua inicial ou as linguas do alumnado xeralmente son tanto o castelán coma o galego, pero esta lingua muda a prol do castelán no eido habitual a pesar de ser un centro maioritariamente galegófono.

Amalia Vázquez Vázquez - Directora do centro  
David Fernández Pérez - Coordinación EDLG

# ACTIVIDADES

Un apartado clásico na nosa revista, amosamos as actividades máis salientables coordinadas polo Equipo de Dinamización Lingüística, na que algunhas tiveron moito éxito de participación e traballo conxunto. Con elas preténdese difundir o emprego da lingua galega en todos os ámbitos das nosas vidas e a maioría delas están vencelladas con diversas conmemoracións internacionais. Agradecer a todas as persoas que participaron nalgunha destas actividades: alumnado, profesorado e persoal non docente. Sen vós, non sería posible nada disto.

## Día das Escritoras 2021

Instaurado en 2016, este curso celebrouse o 18 de outubro. No centro EPAPU Albeiros lembramos o nome dalgunhas das máis coñecidas, facendo un pequeno mural coas súas citas nos taboleiros de dinamización.



## Samaiín

Como todos os anos, o centro decorouse coa temática da data e ademais convocáronse os concursos de relatos e banda deseñada.

En banda deseñada, presentáronse dous traballos. O gañador foi o de Yobania Barro Carreira (2º BAC B). O outro traballo foi presentado por Vanessa Martínez González (4º ESA E). Non houbo ningún relato, aínda que o de Vanessa está entre ambos formatos. Os dous cómics podedes desfrutalos na sección "As nosas creacións".



## 25 N - Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Fixéronse varias actividades por medio do plan Proxecta "Por 365 días de respecto e igualdade".



Unha delas foi a **Exposición 25N** na biblioteca con libros relacionados con esta temática e pequenos textos que evidencian situacións de violencia de xénero.



Exposición de libros do 25N na Biblioteca



O camiño da igualdade, que comeza na entrada do EPAPU, e visualízase mediante un fio de cor violeta que recorre todo o centro con diversas paradas en forma de sinal representando conceptos relacionados coa igualdade e a prevención da violencia de xénero. O camiño remata nun taboleiro do andar superior no que se expoñen noticias recentes relacionadas coa violencia de xénero e un letreiro no que se pode ler "aínda queda moito por andar" co fin de que a comunidade educativa reflexione sobre a situación actual e traballemos xuntos para erradicar a violencia nos distintos contextos.



Arriba, unha das paradas do Camiño da Igualdade  
Esquerda, o taboleiro do andar superior.

O propio día 25N desfrutamos da obra de teatro **Golpes** interpretada por Estíbaliz Veiga co aforo completo, obra que narra a vida dunha muller maltratada dende a súa adolescencia ata a vida adulta e as consecuencias desta situación nas súas relacións de parella e coas súas amizades. O cartel da obra podédelo ver na páxina 8.



Esquerda, Estíbaliz Veiga posando no centro diante do cartel da súa obra.

Dereita, un momento da actuación teatral, **Golpes**




Obradoiro sobre a violencia de xénero no entorno dixital impartido por Haizea Álvarez. O alumnado da quenda de tarde asistiu a un obradoiro no que se analiza a violencia de xénero exercida por medio das pantallas, as mensaxes que se transmiten polas redes sociais, o control e desconfianza da parella que se exerce a través das actuacións que desenvolve no medio dixital, así como os perigos cando se coñecen novas persoas na rede.



Obradoiro sobre a violencia de xénero no entorno dixital



Nadal: postais e tríptico



No Nadal 2021 celebramos esta festividade do final do trimestre co tríptico coas recomendacións para agasallar cultura en galego, e tamén un concurso de postais con moi boa acollida, por parte do alumnado. Os premios no concurso de postais de Nadal foron os seguintes:

- 1º premio: Julen Vigo Enríquez - 2º BAC B
- 2º premio: Yobania Barro Carreira - 2º BAC B
- 3º premio: Margarita Fernández Yebra - 1º BAC B
- Accésit 1: Aiman Damoun - 1º ESA A
- Accésit 2: Bernardo Dixon Quezada Castrillón - EBI I



*Empezando pola esquina superior esquerda e continuando en dirección horaria, as postais gañadoras do concurso*



E, como non podía faltar, o tríptico coas nosas recomendacións de lectura, música e cómics para o Nadal. Aquí tes un dos lados, se o desexas ver completo, segue o código QR:



**POESÍA**

- Feliz Idade* - Olga Novo - Editorial Kalandraka
- Clave de bóveda* - Manuel Álvarez Torreira - Editorial Kalandraka

**MÚSICA**

- GUAJI GALEGO COSTURAS* - Costuras - Grupo Galego Philharmonic Orchestra - Altafonte

**ENSAIO**

- Unha mente que voa* - Unha mirada á evolución da linguaxe - Xarxo Mariño - Edicións Xerais
- Migrantes. A nova diáspora galega contada por mulleres* - María Alonso - Editorial Galaxia
- As catedrais silenciadas* - Xabier Díaz e as Albeafreiras do Salitre - Altafonte
- Liberar as arterias* - Xosé - Altafonte

**Toma nota!**


**AGASALLOS DE NADAL: RECOMENDACIÓN DO EDL6**

**CURSO 2021-2022**

Atépoas na BIBLIOTECA

## Día Escolar da Non Violencia e da Paz

Celébrase o 30 de xaneiro. Este día foi instaurado por UNICEF, coincidindo co aniversario do asasinato de Gandhi en 1948, para promover nos centros educativos a non violencia e a paz. *Non hai camiño ata a paz, a paz é o camiño (Gandhi).*



## Dimo en Galego

No mes de febreiro, tendo en conta que o 14 de febreiro é o día dos namorados, convocamos o concurso *Dimo en Galego* no que os alumnos tiveron a oportunidade de escribir algún texto a un ser querido. Na sección "As nosas creacións" incluímos a única participación que non puido gañar por entregarse fóra de prazo.

## Día de Rosalía 2022


O día 23 de febreiro conmemoramos o día de Rosalía no centro cunha exposición da vida e da obra da autora máis universal das nosas letras. Asemade, tivemos o privilexio de facer un recitado no Parque da Milagrosa no que alumnado, profesorado e persoal non docente participamos na lectura de textos da escritora.



## Concurso As Cidades Visibles

Por segundo ano consecutivo, convocouse entre o 1 de marzo e o 6 de xuño, o concurso As Cidades Visibles, nos que a profesora Marisa Ferreiro preparou un xogo: a partir de dunhas pistas literarias e fotográficas procedentes dos libros da Biblioteca, tiñase que adiviñar o lugar onde suceden as historias. Se aínda non participaches poderás facelo coa revista. Atoparás as pistas nas páxinas 44 e 45.

As respostas faranse públicas despois do 6 de xuño na páxina web do centro.



## 8-M Día da Muller

Para conmemorar este día, tamén se levaron a cabo varias actividades:

Cada departamento do centro proporcionou o nome dunha muller de relevancia en cada área do coñecemento co que se elaborou un póster. Estes cartaces amosáronse nas portas de cada departamento.

O Departamento de Orientación fixo unha exposición dedicada ás mulleres premio Nobel onde se comproba que só foron galardoadas 59 mulleres fronte 888 homes. O obxectivo desta actividade foi fomentar a reflexión sobre o número de homes que foron galardoados dende a súa posta en marcha e o número de mulleres, e observar a diferenza significativa que existe.

A alumna do centro Yobania Barro deseñou uns marca páxinas dedicados a esta conmemoración que se reparten con cada exemplar desta publicación. Se non recibiches o teu, solicítalo en conserxaría.






Arriba esquerda, porta dun dos departamentos con dous dos cartaces de mulleres relevantes

Arriba dereita, cartel con dúas das mulleres premio Nobel

Dereita, deseños dos 3 marcapáxinas realizados por Yobania Barro

Tamén neste 8M, veu ata o centro Rosa Rilo Gómez, técnica do Centro de Recuperación Integral para mulleres de Santiago de Compostela, que impartiu unha charla sobre a **violencia de xénero nas relacións de parella** na que incidimos na importancia do autoconecemento, da reafirmación positiva e dos tempos e espazos de cada quen.



Arriba, un momento da conferencia sobre a Violencia de xénero nas relacións de parella. Abaixo, recreación de "A rapaza da perla"

Entre marzo e abril, tivemos no centro a exposición **EXPRESSARTE 15 visións**. As quince fotografías, realizadas por Juan Rivas, foron realizadas dende un programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero e impulsadas pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL). Dito programa buscou fomentar o empoderamento das mulleres, facilitar o seu coñecemento sobre o mundo empresarial, mostrarlles as posibilidades do autoemprego, e desenvolver as capacidades e potencialidades das participantes. Cada unha delas escolleu unha obra pictórica feminina coa que se identificaba e foron caracterizadas como as protagonistas para posteriormente fotografalas. Un exemplo é "A rapaza da perla" de Johannes Vermeer, na imaxe da dereita. O cartel anunciador podes velo na páxina 8.





## Día da Arte 2022

Con motivo do día da Arte 2022, que se celebra todos os 15 de abril desde 2012, o EDLG e o Departamento de Xeografía e Historia (Arte) coordinaron unha actividade na que contamos coa presenza no centro do exalumno Diego Anido Seijas, máis coñecido como Diego AS, que gañou o certame ao mellor mural do mundo en 2021, convocado pola plataforma *Street Art Cities*, polo gran mural de Xulio César que ornamenta unha parede situada na Ronda da Muralla. Foi tamén galardoado polo xornal El Progreso co Premio Lucense do Ano 2021.

Contestou as preguntas que lle fixemos e que podeades ler na sección “As nosas entrevistas.”



Diego AS durante a charla no EPAPU Albeiros

## Día do Libro 2022


Con motivo do día do Libro, que se celebra o 23 de abril, tivemos dúas actividades: a primeira, co obxectivo de fomentar o hábito lector, consistiu nun troco de libros no que calquera membro da comunidade educativa podía coller un libro e deixar outro. Agradecemos dende aquí, á Biblioteca Isidro Novo, pola súa colaboración cos libros que nos doou; a segunda actividade contou coa presenza do narrador de historias e dramaturgo Quico Cadaval, que nos presentou a súa versión teatral da obra *O porco de pé*. Reflectimos na sección “As nosas entrevistas” algunhas das cuestións que lle fixemos na súa visita ao centro. Ese mesmo día, 21 de abril, fixemos a primeira actividade complementaria fóra do centro dende o inicio da pandemia, a asistencia ó Gustavo Freire para ver esta adaptación teatral da novela de Vicente Risco e que foi todo un éxito de participación e de risadas.



Unha das mesas de intercambio de libros



Arriba, alumnado e profesorado do EPAPU Albeiros posando antes de ir ao Auditorium.



Dereita, cartel anunciador da obra.



## Concurso de fotografía matemática

O concurso de fotografía xa é un clásico no centro. Este ano convocámolo incorporando a temática das matemáticas. Coordinado polo EDLG e o departamento de Matemáticas, este concurso tivo unha gran participación ao igual que o curso pasado. Os e as premiadas foron:

- 1º premio: *Sons Paralelos* - Yobania Barro Carreira - 2º BAC B
- 2º premio: *Sen título* - Aiman Damoun - 2º ESA A
- 3º premio: *Organigrama dunha araña* - Noemí Barro Carreira - 1º BAC B
- Accésit: *Sen título* - Jeeffy Eliecer Gallo Agüero - 4º ESA C

As fotos premiadas aparecen nas seguintes páxinas:

- 1º premio (Yobania): contraportada
- 2º premio (Aiman): páxina 13
- 3º premio (Noemí): páxina 17
- Accésit (Jeeffy): páxina 43

## Día das Letras Galegas

Con gallo das Letras Galegas e en coordinación coa Biblioteca, no centro tivemos tres exposicións de diferentes temáticas ao longo do curso: unha sobre visións de realidades a partir da arte, outra de Manuel María e outra de Florencio Delgado.

Ademais, o mércores 18 de maio, para conmemorar este día tan sinalado, saímos ó parque da Milagrosa que rodea o centro para efectuar un recitado. Conxuntamente profesorado e alumnado deron vida a algúns dos poemas que compuxeron os nosos autores homenaxeados: Florencio Delgado Gurriarán e Darío Xohán Cabana.



Arriba dereita, un dos paneis da exposición de Darío Xohán Cabana.

Arriba esquerda e abaixo dereita, dous momentos do recitado realizado o 18 de maio diante do centro.

Textos e fotos da sección "As nosas actividades":  
 David Fernández Pérez  
 Beatriz Trigo Lombao  
 María Auria Bóveda Morandeira  
 María Carmen Cela Núñez

Imaxe Expressarte 15 visións:  
[vivalugo.es/wp-content/uploads/2018/06/expresarte-lugo.jpg](http://vivalugo.es/wp-content/uploads/2018/06/expresarte-lugo.jpg)



## Festival "Grito de Muller" - XII Edición - Orixe, Homenaxe ás nosas antepasadas

Tendo participado xa en varias ocasións no "Festival GRITO DE MUJER", respondendo así á invitación a expresar as nosas reivindicacións co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, dende este evento que pretende ser un espazo de escoita social e expresión artística no que as protagonistas son as mulleres durante todo o mes de marzo en todo o mundo, fun eu, nesta ocasión, a que sentín a chamada a organizar este evento, onde na súa XII edición homenaxeábase ás nosas devanceiras. E que mellor que coa colaboración do centro onde imparto clases de español e galego para inmigrantes e alfabetización (EBI) durante o presente curso 2021-22, o EPAPU Albeiros, en Lugo, e, coa participación, tamén, daquel profesorado, alumnado e persoal non docente, que se quixo sumar voluntariamente á celebración. Contamos, ademais, co apoio da Área de Cultura do Concello de Lugo, que nos cedeu un fermoso espazo, próximo ó noso centro, o MIHL, Museo Interactivo da Historia de Lugo, abríndoo no seu día de descanso, só para o noso evento.

Participou alumnado das clases de galego e español para inmigrantes, Mahmuda Akter (Bangladesh), Mokhles Ahsissan (Marrocos) e Asmaa Mahmoud Al Naji (Siria), ademais de alumnado de EBI: María Lucilene Moreira (Brasil),

Silvino Fernández Rodríguez, Eunice Pereira Gilo (Brasil), Ana Mari Santas Otero e Jairo Romero Gaitica, xunto ás profesoras María Jesús Díaz Armesto e María José Méndez Lázare; e como representación do personal non docente do centro, Clara Arias González. Á guitarra acompañounos Diego Cabrera con pezas compostas por el mesmo, e que se escoitaban mentras recitabamos. Aos nosos participantes solicitáraselles, previamente, unha foto das súas antepasadas para proxectar ao mesmo tempo que liamos os poemas escollidos, algúns de creación propia, e outros de autoras varias como Adrienne Bailey, Shin Kyong-Nim e Rosalía de Castro, a máis recitada entre os participantes. Recitamos en galego, castelán e inglés. Quixemos, tamén, que o noso recital fora inclusivo para todo o alumnado do centro, sendo traducido á lingua de signos española polas intérpretes do EPAPU, Marta Miranda Gómez e Nancy Bobillo García.

E así foi a nosa celebración da reivindicación dos dereitos das mulleres e o labor das nosas devanceiras, así foi o noso grito dende Lugo na súa edición 2022.

Se non puides asistir, ou simplemente queres visionalo, accede mediante este código QR:



Os participantes no festival "Grito de muller", no MIHL

Texto e foto:  
Ana Belén Gómez Roca - Depto. EBI



*Camiñando entre os bosques recollín a súa presenza, primeiro case un bisballo e, despois, con voz forte ... Eran elas, as de antes, as de antano, as que camiñaron estas terras amando aquelas árbores e toda a vida que se abría aos seus pés, a riqueza da nai, conectando cos seus fértiles úteros de barro derramado entre as pernas, ese barro do que están feitos os corpos dos homes e das mulleres, dos seres de carne e óso, e daqueles que habitan a terra na que, elas, antes de min, pousaron os seus pés.*

*-Estamos eiquí!- berraron -. Sostendo a túa vida, estabamos antes e seguímolo facendo, aínda que non nos vexas, somos parte de ti. Non nos defraudes! Non foi fácil para nós, nin o será para ti, mais queremos lembrarche que loitamos para que ti, as que veñan e as que están por vir, teñades a vida que nós quixemos ter, ou mellor dito a que vosoutras queredes ter.*

## *Enxendrádea e parídea!*

Ana Belén Gómez Roca- Depto. EBI



El camino de regreso  
Shin Kyong-Nim, poeta surcoreana

Poema escollido por Mokhles Ahssissan  
2º ESA D - Galego e castelán para Inmigrantes C

Quixera adicar este poema á muller máis querida para mín, a miña nai, a muller que foi en todos os momentos paciente conmigo, neste día quero agradecerche todo o que fixeche sempre por mín, quero dicirche que te boto moito de menos, mai, pero, se deus quere, vereite axiña, ogallá!

*Sobre el helado camino,  
la madre vuelve al amanecer  
empapada del pesado rocío nocturno;  
después de un día de ventas.*

*No hay tarro de miel en la alacena  
Sólo el polvo gris acumulado  
Mientras tanto los niños,  
tan pequeños para el trabajo,  
sin culpas, duermen tendidos aquí, allá.*

*Nadie ve, nadie comprende cuando ella sacude  
la lluvia de estrellas que trae en la frente.  
Cuando de sus mangas  
Se desprende la luz de la luna.*



Ana Belén Gómez e Diego Cabrera durante o Festival Grito de Muller no MIHL

Foto: Victoria Rodríguez/El Progreso

## Adicado á miña sogra

Clara Arias González- Persoal non docente

Posto que hoxe é un día especial para venerar ás nosas ancestras, a mín gustaríame adicarlle unhas palabras a unha das mulleres que máis admirei e admiro na miña vida, a miña sogra, e espero que alá onde se atope as escoite e sepa o moito que a quero e a añoro.



*Hai persoas que simplemente pasan pola nosa vida,  
e hai outras que nos marcan para sempre,  
para ben e para mal, neste caso para ben;  
esas persoas que deberían ser eternas  
porque cando se van, deixan un profundo vacío.*

*Éme case imposible describir a miña sogra con  
palabras,  
porque tan só coñecéndoa te dabas conta  
da inmensa grandeza interior desa muller;  
ninguén imaxinaría ó vela,  
que detrás daqueles profundos ollos azuis,  
e daquel corpo esbelto e aparentemente fráxil,  
se escondía unha muller tan forte e vital.*

*Crédeme que non esaxero, máis ben me quedo corta,  
cando a ela me refiro.  
Era amable, doce, bondadosa e xenerosa,  
incansable traballadora e, sobre todo,  
o que eu máis admiraba dela,  
era a súa eterna alegría e o seu constante bo humor;  
sempre cun sorriso imborrable que encandilaba  
a todo o que tivo a gran sorte de coñecela.*

*Dela aprendín tantas cousas ...  
Que a mellor arma é un sorriso,  
Que xamais hai que darse por vencido,  
Que ás veces hai que perder para poder gañar,  
Que dous non discuten se un deles non quere,  
Que hai que valorar ás persoas por como son,  
e non polo que son,  
que o amor hai que coidalo cada día,  
que a vida hai que vivila con paixón ...*

*E así podería botar horas e horas,  
recordando tantos bos consellos,  
tantas tardes de conversa,  
tantos momentos de confidencias,  
que tanto boto a faltar ...  
Se as almas se convarten en estrelas,  
non teño ningunha dúbida,  
de que entre todas elas  
ti es a que máis brila,  
porque hai luces que xamais se apagan  
e recordos que xamais se borran.*



Logo do festival Grito de Muller



[www.gritodemujer.com](http://www.gritodemujer.com)



## Avoa

Ana Belén Gómez Roca - Depto. EBI

Este poema escribino, xa hai algún tempo, pensando na miña avoa, que era única e irrepetible, coma cada unha de nós, pero, ao mesmo tempo, era ela, en si mesma, unha mostra das avoas galegas da súa xeración. Para min, tamén, ela era parte da nosa natureza, da nosa paisaxe galega, unha árbore con raíces profundas na orixe do que somos. Por iso dedico este poema a todas as avoas e todas as árbores da nosa terra.



*Eterna!, percíbote,  
así é a túa chamada,  
miña avoa,  
de pano na cabeza, neghro,  
de mandil a cadros, neghros,  
de zapatillas, neghras,  
de bolso, neghro,  
de moedeiro, neghro,  
de paraugas, neghro,  
de meixelas rosadas,  
de pernas fracas e bailaretas,  
de ollos azuis,  
de sorriso branco,  
de cabelo cor prata,  
de corazón vermello intenso,  
de mans como ramas alongadas,  
sucadas polas túas mil e unha liñas,  
tantas coma anos, en vida acumuladas  
vella! e loitadora, no teu corpo-árbore enraizada (xubilosa)  
á terra que herdei dos teus brazos.*



Fotomontaxes:  
Ana Belén Gómez Roca  
Nancy Bobillo García

# CREACIÓN LITERARIA

Dimo en galego - Margarita Díaz Fernández - 2º BAC A

Ola!

O primeiriño de todo, que tal estás?

Agardo que goces de saúde e que a valores por enriba de todo. Continúo desexando que non te despreces nunca xamais e loites pola túa propia felicidade. Ás veces esixímonos de máis e non damos acabado os estudos desexados. Pero pouco a pouco todo vai ir chegando.

Lembra a toponimia galega, os lugares como Cariño, Carantoñas, Vilamor, Amorín, Bicos ... Canta amabilidade nos transmiten, non si?

Alégrate de seres galega, galego ou enchouparte desta fermosa cultura, sempre loitar pola xustiza e os bos feitos, porque o odio nada bo trae.

Recibe un agarimoso saúdo e apertas afectuosas. Segue loitando e non te rendas nunca xamais.

Ata pronto e a coidarse moitísimo.



Imaxes:  
 -elpais.com/elpais/2011/05/11/paco\_nadal/1305065601\_130506.html  
 -gl.wikiloc.com/rutas-sendeirismo/camino-natural-ruta-del-cantabrico-6-ortigueira-carino-cabo-ortegal-19064296  
 -Google Maps

## A lenda da Lagoa de Cospeito

Irene García Álvarez - 2º BAC B

Conta a lenda que onde hoxe está a situada a lagoa de Cospeito había unha vila moi importante chamada Vila de Valverde; un día pasou por alí un pobre que pediu pousada para pasar esa noite. Uns din que era un pobre que ía pedido polas portas, outros, que era a Virxe en persoa, pero disfrazada.

Ninguén lle deu acubillo ó pobre home, así que colleu e marchou da vila. Chegou a unha casa que estaba na beira do monte, nela vivía unha familia humilde e pobre pero honrada onde o acolleron malia non ter nada de comer para ofrecerlle. Decidiron entón matar a única tenreira que quedaba para ofrecerlla como cea.

Acabada a cea, o mendigo pediulles que puxesen os ósos grandes nun bloque e os pequenos noutro. Ao día seguinte o pobre madrugou e chamou polo dono da casa para muxir as vacas e poñer os tenreiros a mamar.

O dono seguiu durmindo e non lle fixo caso, pero o mendigo seguía a insistir e a pedir o mesmo, o dono díxolle: "Como vou muxir as vacas e darlle de comer aos tenreiros para mamar se matei o único tenreiro que tiña o día anterior para facer a cea de todos?".

O mendigo respondeu: "Tan certo é que tes tenreiros e vacas como que a vila de Valverde se afundiú nas augas". E despois destas palabras o mendigo desapareceu.

Máis tarde a familia que o acollera saíu pola porta e viron que, tal e como dixera o pobre, a Vila de Valverde se afundira en castigo polo mal que o trataran. Despois dirixíronse ás cortes e viron que na que puxeran os ósos había grandes vacas e onde puxeran os ósos pequenos había becerros. Todos estaban moi contentos, pero no canto da Vila de Valverde todo era unha gran lagoa cunha capela no cumio onde se atopaba a imaxe da Virxe que, por estar nese lugar, quedou co nome da Virxe do Monte. Aínda dicían hai anos que aló no fondo da lagoa, cando chegaban as secas do verán, se podían ver as chemineas dalgunhas casas afundidas así como o torreiro da igrexa; ata hai quen di que se escoitaban as campás daquela desgraciada Vila de Valverde.



Capela da Virxe do Monte  
(A Feira do Monte, Sistallo, Cospeito)

Imaxe:  
 -es.m.wikipedia.org/wiki/Archivo:Capela\_da\_Virxe\_do\_Monte\_(Cospeito).jpg



## Que bonita é a vida

Jonathan Manuel Chica Álvarez - 3º ESA M

Que bonita é a vida: bonita é a vida, a pesar dos males que nos poidan rodear.

A paz, a ledicia, o ter xente ao teu lado que te queira; os montes, as rúas, un solpor no alto dunha montaña ou nun miradoiro, ver xogar aos nenos inocentes como cando eu era un neno, os mananciais, o amor, as miradas penetrantes que moito din sen palabras, o feito de sentirse libre en calquera circunstancia aínda que un estea encerrado, os días pertencen e hai que desfrutalos como se fora o último. Saber sacar do malo lo bueno, de lo oscuro, ver lo claro la claridad, de lo negro; sacar algo blanco, de una puerta cerrada; se abren mas portas. La vida es bella, solo hay que saber verla con buenos ojos, vivir y disfrutar, pues la vida no sabes cuando puede acabar.

Dise que de ilusións se vive: eu digo que é dos bos soños do que un vive. Eu vivo soñando e soñar dáme a vida. Loito polos meus soños, eses soños que me fan saber que estou vivo, logo existo e se existo, estou vivo e podo seguir soñando.

Non todo é bo ou malo. Non todo é para sempre, por eso o bo aproveitalo, e o malo, que dicir do malo? Que non hai nada tan malo como a morte e ata de eso podería sacar algo bo, pensar que a persoa que morre descansa en paz, non sinte, non padece, simplemente descansa en paz. Deixemos que descansen, pois a vida segue e hai moito bo que aproveitar e non deixala escapar, ou simplemente, desfrutala mentres está.

Que bonita es la vida: bonita es la vida, a pesar de los males que nos puedan rodear.

La paz, la alegría, el tener gente a tu lado que te quiera; los montes, las calles, una puesta de sol a lo alto de una montaña o en un mirador, ver jugar a los niños inocentes como cuando (yo) era un niño, los mananciales, el amor, las miradas penetrantes que mucho dicen sin palabras, el hecho de sentirse libre en cualquier circunstancia aún que uno este encerrado, los días nos pertenecen y hay que disfrutarlos como si fuera el último. Saber sacar de lo malo lo bueno, de lo oscuro; ver lo claro la claridad, de lo negro; sacar algo blanco, de una puerta cerrada; se abren mas portas. La vida es bella, solo hay que saber verla con buenos ojos, vivir y disfrutar, pues la vida no sabes cuando puede acabar.

Se dice que de ilusiones se vive; yo digo que es de los buenos sueños (as) de lo que uno vive. Yo vivo soñando y soñar me da la vida. Luchó por mis sueños, esos sueños que me hacen saber que estoy vivo luego existo y si existo; estoy vivo y puedo seguir soñando.

No todo es bueno o malo. No todo es para siempre, por eso lo bueno aprovéchalo y lo malo, ¿qué decir de lo malo? Que no hay nada tan malo como la muerte y hasta de eso algo bueno podría sacar algo bueno, pensar que la persona que muere, descansa en paz, no siente, no padece, simplemente, descansa en paz. Dejemos que descansen, pues la vida sigue y hay mucho bueno que aprovechar y no dejarla escapar, o simplemente, disfrutarla mientras esta.

## La esperanza

Luz Alexandra Berrio Mazo - 1º BAC B (Texto e foto)


Há sido un largo camino  
pisar el suelo, sentirme fijo.  
cruzar miradas con la gente  
sin verse en el abismo.  
Sucedió en el veinte,  
miercoles a plena mañana  
caras completas; expresión  
que llena el alma  
Me sentía diferente, asombrada  
hubo un atisbo de confusión  
Desapareciendo cada hora  
mientras respuestas llegaban.  
Entonces comprendí  
la lección mas valiosa  
de toda una vida  
llena de enseñanza.  
"Puede haber males,  
penas, dolores y tragedias  
mas una cosa tengo clara  
la esperanza nunca se marcha."





# BANDA DESEÑADA

Yobania Barro Carreira - 2º BAC B  
1º premio Concurso Samaín











**Día de los Muertos**  
 Son unha celebración e acaban de cruzar a ponte do "Arco da Vella". O lugar onde vamos os animais cando temos que partir.

Pero... comecemos por saber que é, e onde ben o Samhain

Vamos contar, como os mortos regresamos o mundo dos vivos nunha das noites máis máis místicas. A noite do **SAMHAIN**



O Samhain é a noite celta. É a celebración dunha festa para incluír o pobo que era recoñecido a deixar as súas costumbres na Relixión Cristiana. Pasáronse a chamar "Todos os Santos".  
 Esta noite, suela identificarse coma o inicio do ano novo celta.

Nos, divinos o ano en 4 estacións, pero os celtas saíron en 2. "A metade do día" e "a metade da noite".  
 Esta festa data desde a metade da idade da pedra. Era a época do último colleiteiro e o inicio do ano novo. Por eso sece identificar coma o ano novo celta.  
 O calendario celta estaba baseado nas súas lunares e nos eventos solares que son os solsticios e os equinoccios. Os festivos celebrábanse en unión dos eventos lunares e solares. Por eso, o Samhain non se celebra unha soa noite, se non 3, o largo do ano. Os 3 noites de luz chea máis arcaicas o punto medio entre o equinoccio de outono e o solsticio de inverno.



Estas noites encontráronse gusto no medio do mes chamado "Samonios", que significa fin do verán. O Samhain celebrábase dous aspectos.  
 1ª O fin da época do colleiteiro na que agradecían os deuses e a Terra, todo o concedido.  
 2ª a que se dubidaba e a que máis se conserva. Máis os nosos días. O contacto coa morte e o mundo dos espíritos.



# Samhain



Nesta noite, non solo o mundo dos mortos abre-se a os mortais. Tamén abre-se o mundo dos vivos, o pobo feérico. Os feitos de xente ter e en condición os homes mortais, para tornalos coma, esposas e gualvos a sua dimensión para sempre.



Alopo destacable desta noite, era un gran banquete. Preparábase unha gran cantidade de comida, bebida e produtos frescos da Terra. Derivaron asentos libres, rentos e portas abertas para que os mortos puideran participar da celebración.

Encontráronse pactos para dous tipos de espíritos dos seres queitos a casa e ceteros as entidades místicas.







As mascotas como nos despedimos dos humanos, atravesamos a ponte do "Arco da Vella". No outro lado atopamos prados e colinas para poder correr xogar e disfrutar. Hai suficiente espazo, comida, auga e sol para que todos nos sintamos ben. Estamos contentos, a xarapich de que votemos de menos os seres que deixamos no outro lado da Ponte.

No Samhain as mascotas cruzamos esta Ponte o 27 de Outubro para visitar a casa na que en vida foi o noso fogar. Na ofrenda ponénneme auga, comida e o meu xoguete favorito.


É unha noite moi emocionante.



Primo... voltamos a noite do Samhain: c' Sabíades que o chuvia da tribo, vestíase con pelis e pintaba o seu nariz para comunicarse cos mortos e espíritos? De ahí a costumbre de disfrazarnos nesta época do ano.

c' Sabíades que a tradición de vacar unha calabaza e ponérlle unha vela, xa se faceva na festa alta? Solo que alós utilizaban nabos.

A intención era afastar os malos espíritos e vivir esta noite máxica en tranquilidade.



Duta das costumbres, era a das embaixadores da morte. Elíxíase a un grupo de persoas que iban casa por casa pedindo ofrendas de comida para alimentar os espíritos e así' talos contentos, E o claro precesor do intruco o trato!



Esta tradición espallouse por parte de Centroeuropa, Galas, Irlanda, Irlanda, Irlanda, Irlanda e chegou a EEUU nos séculos XIII e XIX por emigrantes escoceses e irlandeses.

Por iso as tradicións que coñecemos hoxe no día de Halloween! comézaron en Samhain e en lugares como Galicia aínda podemos disfrutelas.

¡¡¡¡¡ Aníque, non perdemos a tradición!!!



... A mi' Nana...

- Non tebes o raco que me deixas -



#NoAlMaltratoDeLosAnimals  
#noalobancroanimal

# OPINIÓN

## O meu paso polo EPAPU Albeiros á idade de 52 anos

Lucía Sánchez Domínguez - 4º ESA C

Para min era moi difícil poder sacar a ESA, xa que por problemas persoais resultábame un impedimento saír da miña casa. Tiña 52 anos cando empecei no centro en 2020.

En primeiro e segundo da ESA leveino ben, de xeito que só me quedaron suspensas as matemáticas que recuperei no mes de setembro.

Ao comezar terceiro da ESA, algúns compañeiros eran os mesmos e só un profesor de primeiro e segundo da ESA volvía a darnos clase. Isto dábatche algo de confianza e ánimos para comezar o curso.

Xa en cuarto veu máis alumnado novo á clase. Había máis xuventude e non sei que me pasou durante o curso que me sentía moi maior. Preguntábame: Que fago aquí, meu Deus? e víñanme baixóns de querer deixar todo, pero aí estaban os meus profesores e a orientadora dándome ánimo para seguir adiante.

Quero dicirvos que estou sorprendida de min mesma, de ver que fun quen de ir aprobando todo. Aprendín que nunca é tarde, teñas a idade que teñas, que o saber non ocupa lugar e que, se se quere, pódese.

## A hipocresía humana

Vatimetou Mohamed Fadel el Bechir - 1º BAC B

Neste último mes estivemos vendo noticias sobre Ucraína e todas as desgrazas que están a suceder na televisión: colas na fronteira con Polonia, nenos fuxindo sós, cidades bombardeadas, etc. Os medios de comunicación transmiten cada detalle sobre esta guerra. Iso é algo admirable, sen lugar a dúbidas, porque ese é o traballo da prensa e da televisión: dar visibilidade as guerras.

Algúns dos titulares destes últimos días son:

- “Europa impón severas sancións a Rusia”.
- “A OTAN activa plans de defensa ante a invasión rusa de Ucraína”.
- “Os líderes europeos reúnen de emerxencia pola situación de Ucraína”.
- “A FIFA e a UEFA suspenden a Rusia das competicións internacionais”.
- “Eurovisión cancela a participación de Rusia no festival”.
- “Manifestacións por toda Europa en apoio a Ucraína”.

Non obstante, non se entende por que esta guerra si e outras non. Resulta que Europa é a que cede os chantaxes dos países invasores e os arma. A OTAN é a que destruíu países coma Siria, Libia, Irak, etc. Eurovisión é o festival que permite a participación de Israel (país non europeo e gañador no 2018) e logo din que non se meten en política.

Agora todo parecer ser diferente, porque se trata dun país europeo. Non é africano, nin latinoamericano, nin árabe, nin musulmán. Pase verde entón.

Ademais de isto, algunhas personalidades coñecidas, coma Rafael Nadal (que parece que non viven neste mundo) atrévense a dicir: “A estas alturas e no século no que estamos parece increíble que haxa guerra”. -¿Ola? Hai ao redor de vinte e oito (28) conflitos na actualidade.

Todo iso lévame a conclusión de que as persoas non son iguais.

Polo tanto, a vida duns vale máis ca de outros. Agora se entende o porqué de moitos conflitos. En definitiva, é o egoísmo da sociedade, que os expertos definen como humanismo selectivo.



*O Sahara Occidental, un dos conflitos olvidados. A saharahuí Sultana Jaya, ingresada nun hospital en 2007 despois de ser detida e torturada pola policía marroquí tras unha manifestación pacífica. A resultas dos golpes recibidos, perdeu un ollo.*

*Imaxe:*  
-Roberto Ruiz Espinosa en [www.juventudrebelde.cu/internacionales/2011-02-05/memorias-del-dolor](http://www.juventudrebelde.cu/internacionales/2011-02-05/memorias-del-dolor)



## O galego, por que non?

Óscar Lombao Pérez - 4º ESA C

*Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma. A esta fala popular, viva e groriosa, os imperialistas chámanlle dialecto. Mais eu preguntaría-lles: “¿Dialecto de que idioma?”. “¿Do que vós chamades español?”. De ningunha maneira, porque o idioma que vós impuxéchedes pola forza é un irmán menor do galego. “¿Acaso queredes dicir que é un dialecto do latín?”. Pois entón chamádelle dialecto ao francés, ao italiano, ao rumano, porque tamén son fillos do latín e irmáns do galego. E diríalles máis: “Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben. Espulsáchedes o galego das eirexas, facendo que os representantes de Cristo explicaran o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugáchedes o galego ante os Tribunales de xustiza e chegáchedes a castelanzar barbaramente as toponimias galegas. ¿E de que vos valeu? Porque dispois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.*



*Derradeira foto de Castelao tomada en Bos Aires en 1949*

*Sempre en Galiza (1944) de A. D. R. Castelao (1886-1950)*

O primeiro, son galego, e estou “a matar” coa nosa, coa miña lingua galega que lamentablemente está a desaparecer. Nas cidades, a xente cativa nin ‘chapurrear’ e a mocidade parece aquela dos anos 90. O que se expresaba na lingua dos nosos avós era “catalogado” coma o burro da “pandilla”.

No ano 2022 nunha cidade coma Lugo que segue sendo máis rural ca urbana ou iso me parece a min, a nosa lingua nativa nin se usa en público e nin sei se en privado.

Hai uns días tiven que ir facer unha xestión a unha instalación dependente do Concello. Estabamos a rematar cando saíu a palabra “onte”; repetina catro veces tras recibir a mesma resposta “Como?”. Normalmente acostumo a responder na lingua que me preguntan (se a coñezo, claro está), pero ese día, non sei o motivo, seguín en galego ata que saíu a palabra “ayer” que todos sabemos que quere dicir “onte” e outras tantas expresións castelanzadas, que non sei como chamalas, aínda que xa están bautizadas na nosa lingua. Estamos a perder unha parte importante da nosa terra, da nosa cultura, da nosa identidade, e con ela, a nós mesmos.

*Imaxe: -consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=3400*

## A axuda incondicional

Xosé Manuel Pérez Monroy - 4º ESA M

Quen de nós non pasou por un mal momento? Particularmente penso que todos nós. Por iso que, despois de pensar moito e reflexionar no tema, expoño o meu punto de vista.

Que sería de nós sen esas persoas que nalgún momento malo da nosa vida nos botaron unha man? Igual ca eles, nós fixemos o mesmo con outras persoas, pensar niso faime chegar á conclusión de que axudar os demais incondicionalmente é un aspecto chave da nosa vida e por iso para min é importante que todo o mundo comprenda e coñeza esta forma de vivir.

O mundo é un lugar mellor grazas a todas esas persoas que están dispostas a axudar sen xerar unha débeda moral, senón que crean unha reacción positiva nos demais e así poñen a semente para que cando calquera persoa pase un mal momento lembre que foi axudado e faga o mesmo cos demais. Desta forma poderemos vivir nun mundo mellor.

Para rematar, quero agradecer ás persoas que me axudaron nos meus malos momentos e compartir con vós esta cita:

*O mundo é un lugar perigoso. Non por causa dos que fan o mal, senón por aqueles que non fan nada por evitalo.*

*A. Einstein (físico, 1879-1955)*

## SEMPRE FORTES

Elisardo Lorenzo Romero - 4º ESA M

Non pasa polo seu mellor momento, pero tanto pola afección, como pola súa historia, o Deportivo da Coruña merece ter un recoñecemento de todos os amantes do fútbol.

A causa da pandemia todo foi un pouco estrano e diferente ó que estamos acostumados. A COVID-19 cambia as nosas vidas, e o fútbol non é unha excepción. Coa volta dos partidos atopamos ao Dépor en Primeira Federación.

Pero que lle ocorreu ao club?

### Historia

O Deportivo ten a súa orixe no Club Deportivo de la Sala Calvet. O seu crecemento foi tan grande que pasa de xogar no Corralón da Gaitreira a Riazor.

En 1909 o rei Alfonso XII concede o título honorífico de Real e en 1912 cambia o seu nome ao de Real Club Deportivo da Coruña.

En 1927 e 1928 gaña os seus primeiros campionatos galegos o que lle permite optar á recién creada Categoría Nacional.

O principio dos anos 30, o club perde o título Real, que recupera en 1940. O ansiado ascenso a Primeira División se produce na tempada 1940/41.



*Plantilla do Deportivo en 1927*

### Época dourada do Dépor

O Deportivo realiza unha forte inversión na tempada 1947/48 e iníciase unha década importante chegando a acadar o subcampeonato no 49. Vivimos tamén o debut de Luis Suárez (futuro Balón de Ouro en 1960 sendo xa xogador do Barcelona).

### Equipo ascensor

Nos anos 70, o Dépor gáñase o nome de equipo ascensor subindo e baixando varias veces. Nos 80 comeza un período de estabilidade. Coñecemos a Arsenio Iglesias e a figura de Lendoiro.

### Súperdepor

O Deportivo da Coruña comeza un meteórico ascenso que o leva ao terceiro posto na tempada 92/93 e ao segundo lugar na 93/94. A tempada 1994/95 gaña a Copa do Rei que repetirá no mítico centenariazo no Bernabeu e ante o Real Madrid na 2001/02. E gaña o título de Liga na 1999/2000. Tamén neses anos encadeou unha serie de bos resultados en Europa.

A realidade agora pasa por ascender e volver a recuperar un pouco o noso orgullo

### O club na miña familia

Somos uns grandes seguidores do Deportivo. Recordamos con especial tristura o momento en que perdeu no último minuto o título de Liga, cando Djukic errou o penalti no último minuto de partido.

Recordo meu pai que foi un momento difícil para todos pero el quédase cos bos momentos vividos como afeccionado e amigo de moitos xogadores e parte do club: Acuña, Amancio, Djalminha, Mackay, Bebeto, Mauro Silva. Tamén me conta un montón de anécdotas que viviu.

Acórdome cando os vía entrenar o lado da miña casa nos campos deportivos da Universidade Laboral no Burgo. Tamén recordo que meu pai traíame vestimenta do club polas relacións de amizade que el tiña firmándoas os xogadores.

Tamén me contou que o expresidente García Yáñez lle deu un reloxo de parede co escudo do Dépor que aínda conserva.

E partidos que íamos ver xuntos como un Teresa Herrera co tremendo ambientazo.

Para el, a mala xestión deportiva, unha crise interna, numerosos cambios de adestradores nunha mesma tempada e unha mala xestión de resultados, fixeron que o Dépor pasara a quedarse ás portas do ascenso a Primeira División.

*Imaxe:*  
-commons.wikimedia.org/wiki/File:Depor.PNG



## A orixe da lingua ucraína

Lyudmyla Matyushkina Matyushyna - 4º ESA C

Sobre a orixe do idioma ucraíno existen hoxe en día varias hipóteses. Nunha delas, o idioma ucraíno ten como orixe a Rus de Kiev (unha federación de tribus que existiu nesa área desde finais do século IX ata mediados do XIII), onde os seus habitantes falaban o antigo eslavo oriental. A partir deste, formáronse o ucraíno, o ruso, o bielorruso e o rusino.

Outros autores opinan que o ucraíno foi un idioma derivado do protoeslavo. Non todos os autores sosteñen a existencia dun idioma protoeslavo.

O Reino de Rutenia sucedeu á Rus de Kiev e o antigo eslavo oriental falado nesa rexión evolucionou ao ruteno antigo, dando lugar a continuación ao bielorruso nas zonas do norte do reino e o ucraíno no resto. O idioma rusino, crese que é un dialecto do ucraíno con influencias do húngaro e outros idiomas da zona de Zakarpatia (ou Transcarpacia, rexión de Ucraína que linda con Rumanía, Hungría, Eslovaquia e Polonia).

Xunto co ruteno, no territorio da Ucraína moderna, tamén se utilizou nos servizos litúrxicos a versión de Kiev (chamada *izvod*) do eslavo eclesiástico escrito.

O idioma ucraíno foi de uso común desde finais do século XVII, asociado co establecemento do Hetmanate Cosaco (rexión administrativa que ocupou gran parte da actual Ucraína entre 1648 e 1775 e que se creou ao independizarse o territorio da Mancomunidade Polaco-Lituana). Desde 1804 ata a Revolución Rusa (1917), o idioma ucraíno foi prohibido nas escolas do Imperio Ruso, do cal a maior parte de Ucraína (Central, Oriental e Meridional) formaba parte nese momento. O idioma sempre mantivo unha base de uso ampla no oeste de Ucraína, onde nunca foi prohibido, e tamén nas súas cancións populares, músicos itinerantes e autores destacados.

O idioma ucraíno estándar está regulado pola Academia Nacional de Ciencias de Ucraína (NANU), en particular polo seu Instituto para o Idioma Ucraíno, o fondo de información sobre o idioma ucraíno e o Instituto de Lingüística Potebnia. O idioma ucraíno conserva un grao de intelixibilidade mutua alta co bielorruso e o rusino e algo menor co ruso e co polaco, neste último caso, só falado xa que usan alfabetos distintos (cirílico e latino, respectivamente).

En Ucraína, o idioma oficial é o ucraíno, aínda que o ruso fálase amplamente no leste e no sur do país. Segundo o censo de 2001, dous terzos da poboación teñen ao ucraíno como idioma nativo, mentres que o 30% declara que é o ruso. A maioría dos ucraíno-falantes teñen o ruso como segunda lingua.

Varias linguas influíron na orixe do idioma ucraíno, pero isto daría, sen dúbida para unha tese doutoral. En definitiva o ucraíno actualízase constantemente con palabras en inglés, alemán, francés, italiano e español, o cal é típico de calquera outro idioma europeo.



## O meu paso

Yobania Barro Carreira - 2º BAC B

Ola a todos.

Son Yobania, alumna do EPAPU Albeiros.

Gustaríame compartir con vós o meu paso polo centro e explicarvos cal é a miña intención con todo isto.

Todo comezou en setembro do 2020. Unha gran amiga animoume a retomar os estudos, e alí me atopaba eu, recién matriculada en 4º da ESA e co ámbito tecnolóxico de 3º tamén pendente.

De súpeto, a miña a vida cambiou, descubrín un novo mundo, un mundo cheo de curiosidades, mergulleime en diversas disciplinas, cantas cousas non sabía e cantas quedan por aprender.

O tempo transcorría e as gañas de aprender apoderáronse de min. Cando me dei conta, a ESA rematara e conseguín o meu obxectivo, pero fíxoseme pouco e animáronme a seguir, entón matriculeime en Bacharelato para ter un primeiro contacto e, aínda que comezara co curso a punto de rematar a segunda avaliación, propúxeme recuperar o tempo perdido, e con moitas ganas e esforzo conseguín sacar 1º de Bacharelato.

Pasou o verán e en setembro do 2021 empecei 2º de Bacharelato. A estas alturas acabo de rematalo.

Cóntovos a miña experiencia, porque quero animar a todas as persoas que por diversas circunstancias non puideron rematar os seus estudos, que os retomen, porque nunca é tarde, e porque aprender non é cuestión de idade, nin de tempo, nin da situación familiar ou laboral de cadaquén, senón que é cuestión de forza.

O cerebro adulto aprende de maneira diferente.

A aprendizaxe proporciónanos beneficios, non só é un medio para avanzar no mercado laboral, tamén fai posible que medremos como persoas, coñezamos xente, fagamos amizades, aumenta o noso coñecemento, cambia a forma na que vemos as cousas e axúdanos a que entendamos o mundo doutra maneira.

Se dixese que foi sinxelo e pan comido mentiría, todos sabemos que cando un se propón facer algo, para que o resultado sexa bon, todo require sacrificio, forza de vontade, actitude e gañas. Podo asegurar que calquera persoa que posúa estas calidades, cunha boa organización e aproveitando ben o tempo, todo é posible.

Non hai mellor forma de evadirse que aprendendo. O centro ofreceunos múltiples actividades que fixeron que isto fora unha experiencia inolvidable. Recordo cando fomos ó teatro ver a marabillosa obra de Quico Cadaval *O porco de pé*, a entrevista que tivemos co artista Diego As, e tamén puídemos participar en clubs de lectura, xogos de pistas para atopar a obra dun escritor (as cidades visibles) e múltiples concursos como a postal de Nadal, o de fotografía, as bandas deseñadas de Samaín... Dende logo sempre recomendarei este centro.

Por último quero despedirme e agradecer a todo o gran equipo que forma o centro: profesorado, administración, departamentos, orientación, persoal da limpeza ... GRAZAS!!!

Porque sen eles e o gran apoio que me mostraron nada sería o mesmo. Todos fixestes que o meu soño se cumprise, e que cada día que entraba pola porta tivese a sensación de estar no meu segundo fogar.

É unha honra e unha grandísima sorte ter ó noso alcance e disposición un centro cheo de grandes profesionais cunha enorme vocación, sempre dispostos, atentos e ofrecendo o seu tempo para resolver calquera problema ou dúbida que se nos presente.

Grazas por facernos medrar como persoas.

Invítovos a descubrir esta marabillosa sensación que é a satisfacción de acadar o que te propós, unha sensación increíblemente inexplicable.

Ata sempre,

Yobania

*Ensoñacións polos  
corredores do EPAPU*

Foto: José A. Armesto







Accésit  
Concurso  
Fotografía  
Matemática

**Jeefry Eliecer  
Gallo Agüero**  
4º ESA C

*Sen título*

# AS CIDADES VISIBLES

Aquí tes as pistas para resolver o misterio que garda este concurso. Veste capaz?



CONCURSO

## AS CIDADES VISIBLES: LIBRO-CIDADE 2. PISTA SOBRE O AUTOR 1

**A novela está situada na cidade na que nace e vive a autora.**



CONCURSO

## AS CIDADES VISIBLES: LIBRO-CIDADE 2. PISTA SOBRE O AUTOR 2

**Comezou a escribir na adolescencia e dende aquela cultivou distintos xéneros e estilos: novela, conto, teatro, ensaio e poesía. Tamén traduciu varias obras ao galego.**



CONCURSO

## AS CIDADES VISIBLES: LIBRO-CIDADE 2. PISTA SOBRE O AUTOR 3

**Foi unha figura relevante do movemento feminista na Península Ibérica**



CONCURSO

## AS CIDADES VISIBLES: LIBRO-CIDADE 2. PISTA FOTOGRÁFICA 1



CONCURSO

## AS CIDADES VISIBLES: LIBRO-CIDADE 2. PISTA FOTOGRÁFICA 2





Equipe de Organización do Lingua Galega

apou obairas

CONCURSO

**AS CIDADES VISIBLES:  
LIBRO-CIDADE 2. PISTA FOTOGRÁFICA 4**



Equipe de Organización do Lingua Galega

apou obairas

CONCURSO

**AS CIDADES VISIBLES:  
LIBRO-CIDADE 2. FRAGMENTO 2**

“Vivían nun chalé na ladeira do monte do C....., o monte que presidía a cidade, desde onde se divisaba a fermosísima ría que, ademais da súa increíble beleza, era un porto natural de fondo calado apto para as embarcacións de gran tonelaxe.”

Equipe de Organización do Lingua Galega

apou obairas

CONCURSO

**AS CIDADES VISIBLES:  
LIBRO-CIDADE 2. PISTA FOTOGRÁFICA 3**



Equipe de Organización do Lingua Galega

apou obairas

CONCURSO

**AS CIDADES VISIBLES:  
LIBRO-CIDADE 2. FRAGMENTO 1**

“Saíron nai e filla da casa para iren ao concerto. Sabían atallos e escaleiras, para baixar de rúa en rúa ata chegar ao centro. Á rúa P..... .., onde estaba o teatro G..... B..... Baixaban gozando da boa temperatura da tarde primaveral cando, ao cruzaren a rúa da .... un coche, que apareceu de repente, se abalanzou sobre a rapaza, que ía algo diante da nai, dando uns saltiños.”

Equipe de Organización do Lingua Galega

apou obairas

CONCURSO

**AS CIDADES VISIBLES:  
LIBRO-CIDADE 2. FRAGMENTO 3**

“Charo estaba tomando contacto coa cidade e coa xente coñecida. Foi ao hospital. Tardou moito máis tempo en chegar do que acostumaba. Unha das cousas que máis cambiara na cidade naqueles anos era o número de xente e de coches.”

### 1. Sopa de letras

Atopa no seguinte cadro o nome de 15 profesións.

Q	T	O	P	O	G	R	A	F	A	K
D	P	I	N	T	O	R	G	I	A	O
O	L	X	K	O	A	O	R	G	C	S
N	F	E	X	M	M	A	O	I	N	S
T	A	A	A	E	Z	L	N	N	X	M
O	M	C	B	L	O	A	O	Z	U	U
L	E	T	T	I	T	L	M	I	I	S
O	D	R	B	O	T	Q	O	E	Z	I
G	I	I	B	S	R	O	E	G	A	C
A	C	Z	P	O	L	I	C	I	A	O
V	O	X	F	M	I	L	I	T	A	R

### 2. Encrucillado con palabra chave

Atopa a palabra chave sinalada coa frecha e completa o resto do encrucillado tendo en conta as definicións facilitadas:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									

**Palabra chave:**

Persoas naturais do país cuxa capital é Kiev.

**Palabras horizontais:**

1. Actividade ou feito de viaxar por pracer.
2. Axencia da ONU para os Refuxiados.
3. Situación que pon en perigo o desenvolvemento dun asunto ou proceso.
4. Preparación destinada a xerar inmunidade no organismo fronte a unha enfermidade.

5. Irrupción, entrada pola forza irregular nun país.

6. Subida xeralizada dos prezos.  
7. Organización militar internacional formada por diferentes países co obxectivo de establecer unha defensa conxunta común.

8. Conxunto de servizos gubernamentativos ordeados para preservar a saúde común dos habitantes dunha nación.



### 3. Encrucillado

<b>1</b>							
<b>2</b>							
<b>3</b>							
<b>4</b>							
<b>5</b>							

**Definicións:**

1. Tépedo
2. Sinónimo de "angarellas"
3. Quitar a monda das patacas
4. Utensilio para botar líquidos nun recipiente
5. Derradeiro

### 4. Adiviñas

- a) Que cousa pode ser que ten orellas coma o gato, pés coma o gato, rabo coma o gato, ollos coma o gato e non é gato?
- b) Estou pensando pensando, de pensar vólome tola, coa sogra da muller de meu irmán, que parentesco me toca?
- c) Alto e guapo son e ando á fortuna. Corto por onde ando e coso sen costura.
- d) Anda e non ten pés, come e non ten boca. Canta comida lle dan, toda lle parece pouca.

### Refráns relativos ao mes de maio:

-A sardiña no maio que a parta un raio.

-En maio, aínda a vella queima o tallo.

-A auga de maio aínda carga o carro.

-Cando marzo maiea, maio marcea.

-Chuvia na semana da Ascensión, nin boa faba, nin bo melón.

*Solucións aos pasatempos na páxina 48*

# ÍNDICE

Editorial 1

## As nosas homenaxes

- Letras Galegas 2022: Florencio Delgado Gurriarán 2
- O noso poeta local: Darío Xohán Cabana 4

## As nosas entrevistas

- Quico Cadaval 6
- Diego AS 7

## O noso centro

- Biblioteca 12
- IL.S.E. 14
- Dirección e EDLG 18
- Orientación 8
- Filosofía 9
- Latín 10
- Inglés 11

## As nosas actividades

- Concurso As Cidades Visibles 24
- Día da Muller 24
- Día da Arte 26
- Día do Libro 26
- Concurso de Fotografía Matemática 27
- Día das Letras Galegas 27
- Festival Grito de Muller 28
- Día das Escritoras 20
- Samaín 20
- Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres 20
- Nadal 22
- Día Escolar da Non Violencia e da Paz 23
- Dimo en Galego 23
- Día de Rosalía de Castro 24

## As nosas creacións

### Creación literaria

- Dimo en galego 32
- A lenda da lagoa de Cospeito 32
- Qué bonita es la vida 33
- La esperanza 33

### Banda deseñada

- Samaín - Yobania Barro 34
- Samaín - Vanessa Martínez 36

### Opinión

- A axuda incondicional 39
- Sempre fortes 40
- A orixe da lingua ucraína 41
- O meu paso 42
- O meu paso polo EPAPU á idade de 52 anos 38
- A hipocresía humana 38
- O galego, por que non? 39

## O noso tempo de lecer

Pistas do concurso As Cidades Visibles 44

Pasatempos 46

### PREMIADOS NO CONCURSO FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

- 1º PREMIO - Yobania Barro - Contraportada
- 2º PREMIO - Aiman Damoun - páx. 13
- 3º PREMIO - Noemí Barro - páx. 17
- ACCÉSIT - Jeeffy Gallo - páx. 43

## REDACCIÓN:

Equipo de Dinamización Lingüística do EPAPU Albeiros de Lugo

## COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN:

David Fernández Pérez,  
María Auria Bóveda Morandeira  
e José Antonio Armesto Rodríguez

## Portada e contraportada:

Yobania Barro Carreira (2º BAC B)  
e Nancy Bobillo García (composición)

Abrindo paso utiliza software libre:  
Scribus, Gimp, LibreOffice

## EPAPU Albeiros

Parque da Milagrosa s/n 27003 Lugo

www.epalugo.org 982 828 106

@EPAPU\_Albeiros (Twitter) EPA Albeiros (Facebook)

## Solucións aos pasatempos:

- |  |   |   |
|--|---|---|
| <b>1. Sopa de letras:</b><br><b>Horizontais:</b><br>Topógrafa - Pintor<br>Policía - Militar<br><b>Verticais:</b><br>1. Turismo<br>Odontóloga - Médico<br>Actriz - Agrónomo<br>Xuíza - Músico<br><b>Diagonais:</b><br>Cámara - Bióloga<br>Botánico - Xeóloga<br>Actor | <b>2. Encrucillado con palabra chave:</b><br><b>Palabra chave:</b><br>Ucrainos<br><b>1. Turismo</b><br>2. ACNUR<br>3. Crise<br>4. Vacina<br>5. Invasión<br>6. Inflación<br>7. OTAN<br>8. Sanidade | <b>3. Encrucillado:</b><br>1. Morno<br>2. Padiola<br>3. Pranar<br>4. Funil<br>5. Último |
|  |   | <b>4. Adiviñas:</b><br>a) Gata<br>b) Miña nai<br>c) Barco<br>d) Muíño                   |

Depósito Legal: LU-66-2014







1º premio Concurso Fotografía Matemática  
**Yobania Barro Carreira** - 2º BAC B  
*Sons paralelos*